

# ANÁLISE DO SECTOR CULTURAL

Actividade de interese estatístico (AIE14): *Análise estatística de sectores produtivos e da estrutura económica en xeral* recollida no Programa estatístico anual 2023 da Comunidade Autónoma de Galicia

Santiago de Compostela, xaneiro de 2024



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTATÍSTICA



## Índice

0.	Presentación .....	3
1	Delimitación do sector cultural .....	5
1.1.	O sector cultural a través da Conta Satélite da Cultura de Galicia: .....	6
1.2.	O sector cultural a través das ramas características .....	10
2	O sector cultural a partir da Conta Satélite da Cultura de Galicia.....	14
2.1	A cultura na economía galega.....	14
2.1.1	Achega ao PIB e análise comparada con outros sectores .....	14
2.1.2	Estrutura comparada e indicadores derivados.....	17
2.2	Conta de produción e emprego por sectores .....	20
2.3	Conta de produción e emprego por fases .....	25
3	O sector cultural a través das ramas características.....	29
3.1	O sector na economía galega a través das ramas características.....	30
3.2	A composición interna do sector.....	33
3.3	O sector no contexto internacional.....	35
3.3.1	Análise por países .....	38
3.4	A dimensión territorial do sector.....	40
3.4.1	Distribución do sector no territorio .....	41
3.4.2	Importancia do sector na economía do territorio .....	43
4	Produtos característicos e relacións intersectoriais: unha análise a partir do Marco input-output de Galicia.....	45
4.1	Oferta e demanda dos produtos característicos do sector .....	45
4.2	Relacións intersectoriais: identificación de complexos produtivos, efectos directos e indirectos e identificación de sectores clave .....	48
4.2.1	Complexo produtivo do sector da cultura .....	49
4.2.2	Efectos directos e indirectos .....	51
4.2.3	Identificación de sectores clave .....	54
4.2.4	Método de extracción hipotética .....	57
5	Conclusións.....	62
6	Anexos.....	64
7	Bibliografía e fontes estatísticas.....	70

## 0. Presentación

A *Análise do sector da cultura* é un documento elaborado polo Instituto Galego de Estatística (IGE) que dá cumprimento á Actividade de interese estatístico (AIE14) “Análise estatística de sectores produtivos e da estrutura económica en xeral” recollida no Programa estatístico da comunidade autónoma de 2023.

Trátase da segunda edición dedicada ao sector cultural dentro desta serie de análises iniciadas coa da cadea forestal-madeira no ano 2013. A primeira edición da “Análise do sector da cultura” difundíuse en 2016, aproveitando a publicación nese ano da primeira edición da “Conta Satélite da Cultura de Galicia”. O actual documento programouse co dobre obxectivo de afondar no coñecemento da economía galega a través do estudo dun sector sobranceiro na nosa estrutura económica e de proporcionar unha mellor difusión das estatísticas de síntese económica elaboradas polo IGE, en particular da nova edición da conta satélite da cultura.

O documento estrutúrase en catro bloques que rematan cun pequeno capítulo de conclusións. No primeiro bloque realízase unha delimitación do sector, aspecto chave para entender o documento. No segundo bloque analízase o sector a través da “Conta Satélite da Cultura”, operación estatística difundida en decembro de 2023 e que achega información do sector cultural para o período 2016 a 2021.

No terceiro apartado faise unha aproximación ao sector dende un punto de vista máis amplo, grazas ás estatísticas de síntese do IGE, e realízanse análises temporais e interespaiais. Trátase de coñecer como se sitúa comparativamente no contexto da nosa economía e das economías da contorna. Neste bloque inclúese tamén unha ollada ao aspecto territorial, que informa da distribución no territorio do sector cultural.

A cuarta sección realiza unha análise das relacións intersectoriais do sector na economía galega a través dunha metodoloxía que permite estimar os efectos directos e indirectos no sector, o grao de integración na economía galega e os efectos sobre o emprego.

Toda a información incluída nesta publicación obtense da estatística pública, principalmente da producida na Comunidade Autónoma de Galicia, en particular da

estatística económica de síntese elaborada e difundida polo Instituto Galego de Estatística.

## 1 Delimitación do sector cultural

Á hora de abordar unha análise sobre o sector da cultura é fundamental delimitar que actividades se inclúen baixo esta rúbrica. Como se verá, esta tarefa non é un tema trivial; de feito, non existe un consenso internacional estrito sobre as actividades que se deben incluír na análise deste sector económico.

Cando se fala de cultura nos distintos eidos da vida pública, normalmente pensamos en actividades como a produción editorial, as artes escénicas, a pintura, a escultura, o sector audiovisual, etc. Non obstante, existen outras actividades nas que non se adoita pensar cando se fala sobre cultura, que tamén forman parte desta. É o caso das actividades de deseño especializado, cuxo produto pode considerarse un ben cultural, a arquitectura ou a fotografía. Así mesmo, para chegar ao produto final das actividades culturais (un libro, unha representación teatral, unha obra de arte, unha escultura, unha película, etc.) hai que considerar todas aquelas actividades necesarias para completar a cadea produtiva destes (creación, fabricación e comercialización, entre outras).

Considerar todas estas actividades e valoralas economicamente implica dispoñer de información estatística pertinente. O IGE dispón de información por rama de actividade nas estatísticas do Sistema de Contas Económicas, en particular nas "Contas económicas anuais" e nos diferentes "Marco input-output" elaborados ata hoxe. Estas operacións son a referencia para valorar a achega dun sector á economía galega.

Para elaborar estas estatísticas utilízase a Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-2009), que é a versión nacional da NACE Rev. 2<sup>1</sup>, estándar que utiliza a Unión Europea para a difusión das estatísticas económicas. Isto permite realizar comparativas espaciais, xa que os Estados membros da UE, por exemplo, utilizan esta clasificación estándar para definir as súas ramas.

A delimitación das ramas de actividade acostúmase a realizar a dous díxitos da CNAE, porén, unha delimitación exacta do sector cultural require dunha maior precisión, e con este obxectivo o IGE elaborou a "Conta Satélite da Cultura" (CSC) para a serie 2016-2021<sup>2</sup>. Esta operación realízase no marco do Sistema de Contas Económicas do

---

<sup>1</sup> Siglas de *Statistical classification of economic activities in the European Community*.

<sup>2</sup> Está dispoñible para os usuarios no seguinte apartado da páxina web do IGE: [https://www.ige.gal/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007008](https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007008)

IGE, como conta satélite<sup>3</sup> do mesmo. Xorde porque as operacións estruturais do sistema carecen dunha desagregación sectorial suficiente para delimitar con precisión o sector. De feito, tal e como consta na metodoloxía da operación<sup>4</sup>, en moitos casos será preciso descender ao nivel de catro díxitos da CNAE para determinar se unha actividade forma parte da cultura. Polo tanto, recórrese a fontes de información secundaria para completar a información que subministran as contas económicas anuais, referencia para esta conta satélite.

Agora ben, a delimitación do sector utilizada na conta satélite só permite comparar as dimensións do noso sector co doutras rexións que realicen operacións deste tipo e que teñan definido o sector segundo os estándares utilizados en Galicia. As análises temporais quedan limitadas á serie difundida (2016-2021) xa que a comparativa coa Conta Satélite da Cultura de Galicia de 2011 non é plena ao estaren esta realizada na base contable 2010.

Para poder realizar comparacións que excedan do ámbito estatal e permitan situar o sector cultural galego no marco da Unión Europea, así como ter unha perspectiva temporal máis ampla do sector, é preciso relaxar os requisitos da clasificación. Neste caso falaremos de “ramas características do sector”, o que implica unha perda de precisión ao delimitar e medir o sector, pero que permitirá realizar análises temporais e espaciais máis ricas.

Para a elaboración deste texto utilizaremos unha visión dual do sector cultural. Por unha banda a través da conta satélite, o que permite maior precisión na descrición do sector; e por outra a través do que chamaremos ramas características do sector.

### 1.1. O sector cultural a través da Conta Satélite da Cultura de Galicia:

O punto de partida, e principal referencia, á hora de definir o sector cultural para elaborar a Conta Satélite da Cultura de Galicia foi o informe final do Leadership Group on Cultural Statistics (LEG)<sup>5</sup>. O LEG foi un grupo de traballo formado por expertos no ámbito da cultura que tiña por obxecto construír, a escala europea, un sistema de

---

<sup>3</sup> As contas satélite permiten afondar no coñecemento dun determinado aspecto da economía nun territorio, ampliando información do núcleo central do sistema de contas económicas. Esta operación é responsabilidade do IGE pero, en todo caso, o artigo 13.4 da Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2026, indica que o IGE participará na elaboración e execución dos proxectos técnicos relativos ás operacións de síntese desta clase.

<sup>4</sup> Véxase [https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_CSCultura\\_RE19\\_gl.pdf](https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_CSCultura_RE19_gl.pdf)

<sup>5</sup> EUROSTAT, “Cultural Statistics in the EU. Final report of the LEG”, 2000.

información coherente e comparable que contribuíse a un mellor coñecemento das relacións entre a cultura e o desenvolvemento socioeconómico. O proxecto do LEG tomaba como referencia un traballo previo da UNESCO<sup>6</sup> no cal se propuña unha clasificación de categorías que debían considerarse á hora de producir estatísticas culturais, e que o LEG adoptou na súa meirande parte<sup>7</sup>. En 2009 Eurostat e os ministros de Cultura da Unión Europea impulsaron a creación dun novo grupo de traballo, o ESSnet-Culture<sup>8</sup>, co obxectivo de relanzar a cooperación entre os Estados membros en materia de cultura e revisar o marco europeo elaborado polo LEG, adaptándoo aos cambios metodolóxicos e sociodemográficos experimentados nas últimas décadas.

No ámbito estatal, contamos coa experiencia do *Ministerio de Cultura*, o cal elabora, en colaboración co Instituto Nacional de Estatística, unha Conta Satélite da Cultura española con resultados que se remontan ao ano 2000. A nivel autonómico destacan as experiencias dos institutos estatísticos de Euskadi, Cataluña e Andalucía. Todas estas contas satélite adoptan como referencia as propostas de Eurostat (primeiro a través do LEG e logo do ESSnet-Culture), adaptando as súas clasificacións ás condicións específicas das súas rexións.

No caso galego, tivéronse en conta todas estas referencias metodolóxicas e adaptouse a delimitación do sector proposta por Eurostat ás especificidades do sector cultural galego e á dispoñibilidade de fontes de información. Ademais, tratouse de garantir na medida do posible a comparabilidade coa conta española, o que permite contextualizar o sector da cultura galego no conxunto de España.

O sector cultural pode delimitarse desde dous puntos de vista complementarios: en función do tipo de actividade cultural en si mesma ou en función da situación dos bens e servizos culturais dentro da cadea produtiva. Atendendo ao primeiro punto de vista, dividimos o sector cultural galego en seis sectores:

- **Patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas:** inclúe a explotación dos monumentos e edificios históricos, os museos, os xacementos

---

<sup>6</sup> UNESCO. Institute for Statistics, "The UNESCO Framework for Cultural Statistics (FSC)", 1986; a este traballo seguiu un posterior presentado en 2009 (UNESCO. Institute for Statistics, "2009 UNESCO Framework for Cultural Statistics", 2009).

<sup>7</sup> O marco de Eurostat deixa fóra, entre outras, as actividades deportivas, o turismo de tipo cultural, determinados produtos de tipo ornamental (como a cerámica e a xoiería) e as telecomunicacións.

<sup>8</sup> European Statistical System Network on Culture (ESSnet\_Culture), "Final Report", 2012.

arqueolóxicos e as actividades dos xardíns botánicos, zoos e reservas naturais<sup>9</sup>. Neste sector recóllense tamén as actividades vencelladas aos arquivos e ás bibliotecas.

- **Libros e prensa:** inclúe as actividades relacionadas co libro, a prensa e as publicacións periódicas (revistas, etc.).
- **Artes visuais:** abrangue todo tipo de artes cuxo elemento diferenciabile é o uso na súa forma de expresión de materiais tales como a pintura e a escultura. Tamén se inclúe neste sector a fotografía, a publicidade, a arquitectura e as actividades de deseño especializado. A inclusión neste sector da fabricación de artigos de xoiería é unha das diferenzas entre esta edición da CSC e a publicada na Base 2010.
- **Artes escénicas:** comprende diversas manifestacións de arte caracterizadas pola súa difusión en forma de espectáculos escénicos en vivo, coma o teatro, a ópera, os concertos musicais, o circo, etc.
- **Audiovisual e multimedia:** comprende as actividades da radio e a televisión, o cine, vídeo e música gravada.
- **Interdisciplinar:** inclúe a actividade reguladora da administración pública e a educación cultural. A inclusión da educación, restrinxida a aquelas ensinanzas relacionadas co eido da cultura, é o principal elemento diferencial entre a Conta satélite na base contable "Revisión estatística 2019" e a anterior publicada polo IGE.

Atendendo á situación que ocupan dentro da cadea de produción, as actividades culturais divídense en cinco fases:

- **Creación e produción:** nesta fase inclúense as actividades relacionadas coa elaboración de ideas artísticas, como pode ser a realizada por artistas (pintores, escultores, etc.), autores e intérpretes. Comprende tamén as

---

<sup>9</sup> Neste punto tamén existe unha discrepancia entre a delimitación desenvolvida por Eurostat e a propia conta española e a delimitación galega, xa que as primeiras non inclúen as actividades dos xardíns botánicos, zoos e reservas naturais no eido da cultura. No caso galego optouse por incluíla xa que as fontes das que se obtén a información non permiten illar as ditas actividades das restantes que compoñen a rama 91 da CNAE-2009 (actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais), que si se inclúen no campo da cultura.



actividades encamiñadas a definir o produto ou servizo cultural. Nesta fase obtense o que podería denominarse “ben ou servizo primario”, susceptible xa de ser reproducido para o seu consumo. Tomando como exemplo a elaboración dun libro, o manuscrito escrito sería unha actividade de creación e da fase de produción encargaríase a editorial.

- **Fabricación:** abrangue as actividades destinadas a reproducir en serie bens culturais primarios. A diferenza da fase de produción, na de fabricación non se engade valor ao contido cultural do ben. Seguindo co exemplo do libro, a fase de fabricación sería levada a cabo pola rama de actividade das artes gráficas.
- **Difusión, distribución e comercialización:** inclúe as actividades necesarias para que o produto resultante das fases anteriores chegue ao usuario ou ao consumidor. Este bloque comprende aos intermediarios responsables da comercialización e distribución dos produtos culturais (comerciantes polo xunto e a retallo e outras formas de difusión da cultura, como o cine e a televisión).
- **Actividades de promoción, regulación e educación:** abrangue as actividades de promoción e regulación da cultura desenvolvidas polas administracións públicas. Tamén se inclúe a educación, restrinxida a aquelas ensinanzas relacionadas co eido da cultura, como xa comentamos na definición dos sectores.
- **Actividades auxiliares:** esta fase comprende actividades auxiliares ás fases de creación e produción, por medio das cales se obteñen produtos que son empregados como consumos intermedios ou bens de capital naquelas fases. Trátase de actividades que, aínda que non proporcionan bens e servizos culturais en sentido estrito, teñen unha indubidable connotación cultural. Un exemplo sería a fabricación de instrumentos musicais. Nesta fase tamén se inclúen actividades auxiliares á difusión e distribución de bens e servizos culturais, por medio das cales se obteñen produtos destinados ao consumidor final, que lle permitirán o uso e desfrute de bens e servizos culturais (como a venda de equipamentos de son e vídeo). Finalmente, exclúense as actividades auxiliares á fase de fabricación, dado que se trata de producións de bens moi afastados do contexto da cultura. Así, unha actividade auxiliar ás artes

gráficas como pode ser a fabricación de tintas de imprenta non se inclúe no eido da cultura por estar moi afastado do ben cultural producido (o libro, neste caso).

A desagregación a catro díxitos da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE-2009), denominada "clases", será o estándar utilizado para definir as actividades que conforman os sectores e as clases culturais incluídas na conta satélite (CSC). As clases que definen ao sector cultural recóllense no Anexo: a relación completa na Táboa **19** e a relación entre fase e sector cultural na Táboa **20**.

## 1.2. O sector cultural a través das ramas características

Se ben a CSC define de forma máis precisa o sector cultural, non é unha estatística que estea dentro do conxunto de datos que os Estados membros deben remitir á Oficina Europea de Estatística (Eurostat). Isto implica que non é unha estatística dispoñible consonte a un estándar nin elaborada por todos os Estados membros, o que impide a comparabilidade coa CSC de Galicia.

O Marco Input-Output de Galicia (na súa elaboración e difusión) ou o Produto Interior Bruto municipal (na súa elaboración) utilizan unha clasificación de ramas a dous díxitos da CNAE<sup>10</sup>, polo que as análises intersectoriais ou territoriais realízanse para un conxunto de actividades non definidas na CSC de Galicia.

Para analizar a importancia do sector a nivel europeo, determinar que comarcas son fundamentais na xeración do valor engadido do sector e determinar as relacións do mesmo con outros sectores económicos deseñamos unha definición de cultura baseada no que denominamos "ramas características do sector cultural". Estas ramas defínense como aquelas nas que a parte "cultural" da rama excede o 90% do VEB total (coa excepción das ramas R90\_93M, R90\_93NM, como veremos máis adiante), e este cálculo realízase no proceso de elaboración da CSC de Galicia<sup>11</sup>. O resultado é un conxunto de ramas características que inclúen as seguintes divisións da CNAE:

<sup>10</sup> Coa excepción da rama da actividade da Pesca (división 03 da CNAE), que se divide en Pesca (031) e Acuicultura (032) ou a Industria alimentaria, dividida en cinco ramas de actividade.

<sup>11</sup> Véxase apartado 3.3. da metodoloxía da operación estatística.

[https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_CSCultura\\_RE19\\_gl.pdf](https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_CSCultura_RE19_gl.pdf)

**Táboa 1 Delimitación do sector cultural segundo as ramas características**

<b>Rama</b>	<b>CNAE-09</b>	<b>DESCRIPCIÓN CNAE</b>	<b>Parte da rama que non é estritamente CULTURA</b>
R18	18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	
R58	58	Edición	58.2 Edición de programas informáticos
R59_60	59	Actividades cinematográficas, de vídeo e de programas de televisión, gravación de son e edición musical	
	60	Actividades de programación e emisión de radio e televisión	
R73	73	Publicidade	73.2 Estudos de mercado e realización de enquisas de opinión
R90_93M R90_93NM	90	Actividades de creación, artísticas e espectáculos	
	91	Actividades de bibliotecas, arquivos, museos e outras actividades culturais	
	92	Actividades de xogos de azar e apostas	92 Actividades de xogos de azar e apostas
	93	Actividades deportivas recreativas e de entretemento	93 Actividades deportivas, recreativas e de entretemento

As divisións da CNAE 18, 59 e 60 forman parte na súa totalidade do sector cultural utilizado na conta satélite (nesta fonte as ditas ramas dividíanse en sectores e fases da produción distintos, pero o valor engadido xerado polas mesmas incluíase ao completo na conta).

Pola contra, na división 58 as clases incluídas no grupo da CNAE 58.1 "Edición de libros, xornais e outras actividades editoriais" formarían parte do sector. Non obstante, o valor engadido xerado polas clases incluídas no grupo da CNAE 58.2 en Galicia é residual se o comparamos co xerado pola división 58.1 (inferior ao 5% do total da rama). Polo tanto, o erro que se poida cometer na análise do sector ao cualificar a división 58 como rama característica é moi pequeno e non altera os resultados que se obterían de sermos capaces de illar unicamente a división 58.1.

O mesmo sucede coa división 73 que inclúe, ademais das actividades relacionadas coa publicidade (grupo 73.1 e parte cultural da división, segundo CSC), os estudos de mercado e a realización de enquisas de opinión pública (73.2 e parte non cultural). De

novo, a parte cultural xera máis do 90% do valor engadido total da división 73, polo que a inclusión da parte non cultural non altera en demasía os resultados acadados.

Agora ben, a casuística das divisións 90 a 93 é distinta á das anteriores. Neste caso non se cumpre o criterio de que a parte cultural xere máis do 90% do VEB total da rama. Non obstante, considerouse indispensable a inclusión deste conxunto de actividades na definición de ramas características debido aos seguintes motivos:

- As divisións 90 e 91 son dúas das ramas características da cultura, segundo os informes elaborados por expertos na materia da UNESCO e a Unión Europea<sup>12</sup>. Aglutinan actividades relacionadas coa creación artística e literaria, as artes escénicas e a xestión de salas de espectáculos, así como aquelas realizadas por bibliotecas, arquivos, museos, xardíns botánicos, parques zoolóxicos e reservas naturais. Non hai dúbida de que estas actividades gozan dun mercado compoñente cultural. No Sistema de Contas Económicas de Galicia os resultados das divisións 90 e 91 ofrécense conxuntamente cos das 92 e 93; no sistema macroeconómico de contas da Unión Europea relativo aos seus países membros agréganse unicamente á división 92, sendo imposible discernir en ambos casos que parte corresponde a cada compoñente. Neste agregado, a división que achega maior valor engadido é a 92, relativa a actividades de xogos de azar e apostas. Esta non forma parte do sector cultural galego, tal e como se define na conta satélite. Tampouco a división 93 (actividades deportivas, recreativas e de entretemento) forma parte do mesmo. Pero non por isto se debe prescindir do agregado 90-93 xa que, de facelo, estaríase deixando fóra unha parte importante da cultura de Galicia. Agora ben, hai que ser consciente de que a inclusión da división 92 pode distorsionar a análise que se vai realizar nos apartados 3 e 4.
- Nas divisións 90 e 91 inclúese unha parte importante do gasto que as Administracións Públicas Central, Autonómica e Local realizan na cultura galega. De non incluílas na análise, deixaríase fóra unha parte importante das actividades de promoción e regulación da cultura desenvolvidas polas administracións públicas en Galicia.

---

<sup>12</sup> Véxase EUROSTAT (2000); European Statistical System Network on Culture (ESSnet\_Culture) (2012); UNESCO. Institute for Statistics (1986, 2009)

O peso da parte non cultural nestas ramas pode ter unha evolución diferente á parte cultural. Ademais a participación na composición do sector difire por países, feito que debemos ter presente nas conclusións extraídas do bloque terceiro e cuarto deste documento.

## 2 O sector cultural a partir da Conta Satélite da Cultura de Galicia

A “Conta Satélite da Cultura” é unha operación do Sistema de Contas Económicas de Galicia que ten como obxectivo principal proporcionar un sistema de medición económica do sector cultural, que permita valorar a importancia deste no conxunto da economía galega, así como pór de manifesto a estrutura produtiva das diferentes actividades culturais.

Os conceptos que se manexan na conta satélite coinciden cos do Sistema de Contas Económicas e as súas operacións integrantes. Ambos elabóranse seguindo as recomendacións do Sistema Europeo de Contas (SEC-2010)<sup>13</sup>. A operación ofrece estimacións do sector cultural principalmente polo lado da oferta, aínda que tamén se calculan algunhas magnitudes da demanda. O universo obxecto de estudo son as industrias culturais, agrupadas en ramas de actividade, tal e como foron definidas no apartado anterior.

Elabóranse as contas de produción e de explotación do sector cultural galego, o que nos permite cuantificar a achega do sector ao Produto Interior Bruto (PIB) de Galicia. Tamén se ofrecen indicadores sobre o volume de emprego, o gasto en consumo final dos fogares e das administracións públicas. Finalmente, o sector cultural divídese en distintos subsectores en función do tipo de actividade cultural, así como en fases atendendo a súa situación dentro da cadea produtiva dos bens e servizos culturais. Para cada un destes sectores e fases, calcúlase a conta de produción e o volume de emprego, tanto asalariado como non asalariado.

### 2.1 A cultura na economía galega

#### 2.1.1 Achega ao PIB e análise comparada con outros sectores

O sector da cultura achega en 2021 o 2,5% do PIB de Galicia. A produción das industrias culturais en 2021 ascendeu a 2.537 millóns de euros. Tendo en conta que os seus consumos intermedios se situaron nos 943 millóns de euros, as industrias culturais xeraron un valor engadido bruto de 1.594 millóns de euros.

---

<sup>13</sup> Para unha descrición máis completa da operación, consultar o seguinte enderezo web, que conduce á metodoloxía da operación:

[https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met\\_CSCultura\\_RE19\\_gl.pdf](https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_CSCultura_RE19_gl.pdf)

Os 30.169 postos de traballo equivalentes a tempo completo representan o 3% do emprego (medida con esta magnitude) total en Galicia 2021. A remuneración de asalariados ascende a 699 millóns de euros, o 2,4% do total da economía.

Táboa 2 As magnitudes da cultura en Galicia e peso destas na economía galega. Ano 2021

Unidade: miles de euros (prezos correntes); porcentaxe (%); postos de traballo

Variable	Valor	% sobre total economía
P.1 Produción a prezos básicos	2.537.383	1,9
P.2 Consumos intermedios	943.352	1,3
<b>B.1 Valor engadido bruto (VEB)</b>	<b>1.594.031</b>	<b>2,7</b>
<b>B.1g Produto Interior Bruto (PIB)</b>	..	2,5
D.29 - D.39 Outros impostos sobre a produción netos de subvencións	- 27.867	- 13,0
D.1 Remuneración de asalariados	699.008	2,4
B.2 Excedente bruto de explotación / Renda mixta	922.890	3,1
Postos de traballo equivalentes a tempo completo		
- Totais	30.169	3,0
- Asalariados	25.095	2,9
- Non asalariados	5.074	3,4
Gasto en consumo final das Administracións Públicas	444.982	3,1
Gasto en consumo final dos Fogares	751.671	2,0


Nota: o PIB é igual ao valor engadido bruto total máis os impostos netos sobre os produtos. Para o sector cultural, como no resto de estatísticas do Sistema de Contas Económicas de Galicia, calcúlase o valor engadido bruto xerado por ditas actividades pero non os impostos netos sobre os produtos xa que estes non son atribuíbles a un único sector. A porcentaxe referida ao PIB nesta táboa é o cociente entre o VEB da cultura e o PIB de Galicia.

Fonte: IGE. Conta Satélite da Cultura de Galicia. Revisión estatística 2019; IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2019

A Conta Satélite da Cultura achega dúas macromagnitudes de demanda. O gasto en consumo final das administracións públicas situouse nos 445 millóns de euros (o 3,1% do total) mentres o gasto en consumo final dos fogares alcanza os 752 millóns de euros o que representa o 2% do total.

Desde unha perspectiva temporal, a achega ao PIB do sector alcanza o seu máximo no último ano da serie 2016-2021, mentres o peso da cultura no gasto en consumo final dos fogares diminúe con respecto ao inicio da serie. O emprego presenta certa estabilidade, cun máximo alcanzado en 2019 (30.339 postos de traballo equivalentes a tempo completo) que cae en 2020 (moitas das actividades recollidas na CSC foron especialmente afectadas pola pandemia) e se recupera en 2021.

Gráfico 1 Evolución do sector da cultura segundo a CSC. Galicia. Serie 2016-2021



Fonte: IGE. Conta Satélite da Cultura de Galicia. Revisión estatística 2019; IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2019


Outra forma de situar a relevancia do sector na economía galega é comparalo con outros sectores analizados polo IGE en pasadas publicacións. Aínda que na Actividade de interese estatístico (AIE14) "Análise estatística de sectores produtivos e da estrutura económica en xeral" nos centramos nun sector cada ano, na publicación das "Contas económicas anuais" séguese a evolución dos ditos sectores na táboa "Sectores característicos da economía galega"<sup>14</sup>. Isto permite afirmar, con datos de 2021, que o sector obxecto de estudo neste documento, en termos directos, achega un valor engadido bruto superior ao da pesca, fabricación de vehículos e compoñentes ou a cadea forestal-madeira. Por diante del sitúanse sectores como o agroalimentario ou o transporte a loxística.

<sup>14</sup> Na difusión anual da operación "Contas económicas anuais" pode atoparse unha sección na que se sintetizan estes resultados

<https://www.ige.gal/igebdt/selector.jsp?COD=9611&c=0307007001&idioma=gl>



**Gráfico 2** Peso no PIB dos sectores analizados na Actividade de interese estatístico: análise de sectores produtivos. Ano 2021 (p)<sup>15</sup>



Nota: Os sectores analizados nestas publicacións son: Cadea forestal-madeira (2013; 2021); Sector da automoción (2014; 2022); Sector da pesca (2015, 2023); Sector cultural (2016, 2024); Sector do transporte e da loxística (2017); Sector téxtil, confección e calzado (2017); Sector da minaría e fabricación de minerais non metálicos (2019); Sector agroalimentario (2020).

(p) Datos provisionais

Fonte: IGE. Conta Satélite da Cultura de Galicia. Revisión estatística 2019; IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2019

## 2.1.2 Estrutura comparada e indicadores derivados


A produción do sector representa o 1,9% da produción total da economía galega (ver Táboa 2), cifra inferior á achega do valor engadido bruto (VEB) do sector. Se se analiza a composición desta magnitude e se compara coa do conxunto da economía, obsérvase que o ratio entre consumos intermedios e produción é inferior no sector da cultura á do total de Galicia: citando datos do promedio da serie 2016-2021, para a produción de 100 euros neste sector empréganse bens e servizos por valor de 38,5 euros, namentres que o conxunto da economía galega precisa 53,3 euros para producir 100. Esta casuística adoita presentarse nas ramas do sector servizos e, posto que, como se observa nas táboas incluídas no anexo, a meirande parte das actividades involucradas na conta satélite pertencen a ramas dos servizos, o resultado é coherente co que cabía esperar.

<sup>15</sup> No gráfico non se inclúe o "Sector téxtil, confección e calzado". Os datos referidos á parte comercial deste sector non se estimaron tras o cambio de base contable recollida na "Revisión estatística 2019". Os cambios introducidos no que respecta ao rexistro dos "Ingresos de carácter financeiro das sociedades holding" afectan de xeito especial a esta estimación.

É de salientar tamén o feito de que a magnitude dos outros impostos sobre a produción netos de subvencións no sector da cultura é negativa. Trátase dun complexo no que o financiamento recibido das administracións públicas xoga un papel importante na produción.

**Gráfico 3 Composición da produción no sector da cultura e comparativa coa composición do total da economía. Ano 2021(p)**

*Unidade: porcentaxe (%)*



Fonte: IGE. Conta Satélite da Cultura de Galicia. Revisión estatística 2019; IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2019

O sector é intensivo en traballo, isto é, o peso da remuneración do factor traballo asalariado na produción cultural é superior ao peso desta remuneración na produción total da economía: no promedio dos anos presentados pola CSC a remuneración representa o 30,5% do total no sector mentres na economía alcanza o 23,2%.

Neste apartado analizaremos cinco indicadores do sector que se obteñen como cocientes de variables calculadas a partir da CSC que contribúen a describir o sector cultural, pero tamén a situalo no contexto da economía galega.

Na seguinte táboa presentamos datos para o último ano da serie (2021) e para o promedio do período 2016-2021 tanto para o sector cultural como para o total da economía galega.

**Táboa 3 Indicadores do sector cultural (CSC)**

Indicadores	2021 (p)		Promedio 2016-2021 (p)	
	Cultura (CSC)	Total economía	Cultura (CSC)	Total economía
Capacidade para crear valor: VEB / produción (%)	62,8	45,1	61,5	46,8
Produtividade do factor traballo: VEB / postos de traballo equivalentes a tempo completo	52.837	58.915	47.509	55.949
Participación das rendas salariais na creación de valor: remuneración dos asalariados / VEB (%)	43,9	50,0	49,7	49,6
Remuneración por posto de traballo equivalente a tempo completo	27.854	34.686	27.811	32.881
Taxa de asalarización: postos de traballo asalariados / postos de traballo totais (%)	83,2	84,9	84,7	84,4

Fonte: IGE. Conta Satélite da Cultura de Galicia. Revisión estatística 2019; IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2019

A capacidade de crear valor define as unidades monetarias de valor engadido xeradas por cada unidade monetaria de produción. Será tanto maior canto menos consumos intermedios<sup>16</sup> se utilicen no proceso de produción, polo que se aproxima ao concepto de eficiencia produtiva. Hai que ter presente que esta ratio non analiza a eficiencia do factor traballo, senón só a utilización de insumos (materias primas e servizos) no proceso produtivo. Este indicador é superior no sector cultural que na media da economía. Este argumento é o complementario do da relación entre consumos intermedios e produción citado anteriormente.

A produtividade do factor traballo mide o valor engadido producido por cada posto de traballo equivalente a tempo completo. É unha medida da produtividade aparente do traballo en termos correntes. No sector cultural a produtividade do factor traballo é inferior ao da media da economía.

A participación das rendas salariais no valor engadido mide a cota de valor engadido utilizada para remunerar o factor traballo asalariado. O valor engadido, pola vía das rendas, é o resultado da suma de remuneración dos asalariados, excedente de explotación bruto e impostos netos sobre a produción e as importacións. Na medida en que a ratio remuneración de asalariados sobre VEB sexa alta significa que a parte de valor xerado destinado a pagar salarios será elevada e, polo tanto, a parte que remunera o factor capital (excedente de explotación bruto) e os impostos será menor. Hai que ter en conta que o excedente de explotación inclúe a remuneración do traballo

<sup>16</sup> O VEB é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios (saldo contable da conta de produción).

non asalariado, baixo a denominación de rendas mixtas. O indicador presenta un valor inferior ao do total da economía no ano 2021, pero apréciase un cambio temporal: no promedio da serie é moi parello con respecto ao total da economía.

A remuneración por posto de traballo asalariado equivalente a tempo completo mide a remuneración media do traballo asalariado. Non inclúe a remuneración do traballo non asalariado, que estaría recollida no excedente bruto de explotación, concretamente no concepto de "Renda mixta". No sector cultural esta remuneración está por baixo da media da economía.


A taxa de asalarización mide a porcentaxe de emprego asalariado sobre o total de emprego. En termos do Sistema Europeo de Contas (SEC-2010) o emprego asalariado inclúe, ademais dos remunerados mediante un salario, propietarios (persoal non remunerado en nómina) de empresas con personalidade xurídica propia (independentemente do réxime de afiliación á Seguridade Social). Na cultura a porcentaxe de emprego asalariado no total do emprego é moi similar ao promedio da economía.

## 2.2 Conta de produción e emprego por sectores

O sector con maior peso na cultura galega en termos de valor xerado é o das artes visuais, que achega o 52,5% da industria cultural en Galicia. Baixo esta denominación agrúpase todo tipo de artes cuxo elemento diferenciador é o uso na súa forma de expresión de materiais tales como a pintura e a escultura; tamén inclúe a fotografía, a publicidade, a arquitectura e as actividades de deseño especializado, especialmente relevantes na nosa economía.


Ségueo en importancia o sector dos libros e da prensa, que achega o 16,2% do VEB cultural e o audiovisual e multimedia (radio, televisión, cine, vídeo e música gravada), co 10,3% do VEB. As actividades relacionadas coa educación cultural e a actividade reguladora da administración pública representan o 8,5%.

**Gráfico 4 Distribución do valor engadido bruto cultural por sectores. Serie 2016-2021.**  
*Unidade: porcentaxe (%)*



Fonte: IGE. Conta Satélite da Cultura de Galicia. Revisión estatística 2019

**Gráfico 5 Postos de traballo equivalentes a tempo completo por sectores culturais. Serie 2016-2021.**  
*Unidade: postos de traballo*



Fonte: IGE. Conta Satélite da Cultura de Galicia. Revisión estatística 2019


En termos de emprego, hai diferenzas na distribución por sectores con respecto á presentada para o VEB. O sector das "Artes visuais" rexistra 11.374 postos de traballo

(37,7% do total), o sector dos “Libros e prensa” ten maior presenza porcentual, en termos de emprego que en termos de VEB, xa que achega o 23,4% do emprego (7.056 postos). Neste sector reduciuse notablemente o emprego desde o ano 2016, tendencia oposta á que se contabiliza no sector das “Artes visuais”.

Na CSC achégase ao usuario información da conta de produción e explotación por sector cultural o que permite coñecer as diferenzas entre os sectores dentro do contexto cultural, pero tamén cales deles teñen uns indicadores máis próximos ao promedio da economía galega. Na Táboa 4 calcúlanse os ratios tratados na sección anterior para cada un dos sectores e no gráfico represéntase a relación, para cada indicador, entre cada sector cultural e o total da economía. Un valor superior a 100 para calquera indicador significaría que o sector cultural representado está por riba da media da economía galega e un valor inferior a 100 indicaría que o indicador para o sector sitúase por baixo da media galega.

#### Gráfico 6 Comparativa dos sectores culturais segundo un conxunto de indicadores. Promedio 2016-2021

Media da economía galega = 100



Fonte: IGE. Conta Satélite da Cultura de Galicia. Revisión estatística 2019; IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2019

O sector “Interdisciplinar” está por riba da media galega nos cinco indicadores propostos. Neste sector agrúpanse as actividades reguladoras da cultura desempeñadas polas administracións públicas ademais das actividades educativas relacionadas coa cultura. Son actividades que non precisan un volume relevante de consumos intermedios para producir (de aí a capacidade de crear valor superior ás demais), teñen unha produtividade elevada (aínda que non son o sector cultural con

máis produtividade) e a remuneración do traballo redonda nunha participación maior que a media da economía galega destas rendas no valor xerado, unha remuneración media máis elevada e unha taxa de asalarización tamén superior.

O sector "Audiovisual e multimedia" presenta indicadores superiores á media da economía en capacidade de xerar valor, participación das rendas salariais, remuneración media e taxa de asalarización. En produtividade está por baixo da media da economía, pero por riba da media do sector cultural.

No promedio do período 2016-2021, todos os sectores culturais teñen un cociente valor engadido por produción superior á media da economía excepto o sector "Libros e prensa". Non ocorre isto no caso da produtividade do factor traballo, ratio no que só as "Artes visuais" e o sector "Interdisciplinar" teñen unha produtividade superior á media.

Na remuneración por posto de traballo asalariado equivalente a tempo completo existen diferenzas relevantes entre os sectores. So dous sectores teñen unha remuneración por asalariado superior á media de Galicia: "Interdisciplinar" e "Audiovisual e multimedia".

**Táboa 4 Indicadores por sectores culturais**

<b>Capacidade para crear valor: VEB / produción (%)</b>		<b>2021 (p)</b>	<b>Promedio 2016-2021 (p)</b>
SC1	Patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas	64,4	64,2
SC2	Libros e prensa	47,9	45,8
SC3	Artes visuais	72,6	71,0
SC4	Artes escénicas	43,3	48,4
SC5	Audiovisual e multimedia	54,3	58,4
SC6	Interdisciplinar	86,0	84,0
<b>Total sector cultural</b>		<b>62,8</b>	<b>61,5</b>
<b>TOTAL ECONOMÍA</b>		<b>45,1</b>	<b>46,8</b>
<b>Produtividade do factor traballo: VEB / postos de traballo equivalentes a tempo completo (euros)</b>		<b>2021 (p)</b>	<b>Promedio 2016-2021 (p)</b>
SC1	Patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas	27.076	25.560
SC2	Libros e prensa	36.599	32.936
SC3	Artes visuais	73.541	62.973
SC4	Artes escénicas	34.319	42.452
SC5	Audiovisual e multimedia	53.550	51.340
SC6	Interdisciplinar	65.118	61.351
<b>Total sector cultural</b>		<b>52.837</b>	<b>47.509</b>
<b>TOTAL ECONOMÍA</b>		<b>58.915</b>	<b>55.949</b>
<b>Participación das rendas salariais na creación de valor: remuneración dos asalariados / VEB (%)</b>		<b>2021 (p)</b>	<b>Promedio 2016-2021 (p)</b>
SC1	Patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas	68,2	71,7
SC2	Libros e prensa	63,7	72,0
SC3	Artes visuais	22,7	25,0
SC4	Artes escénicas	43,7	57,3
SC5	Audiovisual e multimedia	73,9	73,8
SC6	Interdisciplinar	82,8	82,3
<b>Total sector cultural</b>		<b>43,9</b>	<b>49,7</b>
<b>TOTAL ECONOMÍA</b>		<b>50,0</b>	<b>49,6</b>
<b>Remuneración por posto de traballo equivalente a tempo completo (euros)</b>		<b>2021 (p)</b>	<b>Promedio 2016-2021 (p)</b>
SC1	Patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas	18.692	18.446
SC2	Libros e prensa	27.880	28.164
SC3	Artes visuais	23.689	21.375
SC4	Artes escénicas	16.141	26.048
SC5	Audiovisual e multimedia	42.731	40.561
SC6	Interdisciplinar	55.719	52.287
<b>Total sector cultural</b>		<b>27.854</b>	<b>27.811</b>
<b>TOTAL ECONOMÍA</b>		<b>34.686</b>	<b>32.881</b>
<b>Taxa de asalarización: postos de traballo asalariados / postos de traballo totais (%)</b>		<b>2021 (p)</b>	<b>Promedio 2016-2021 (p)</b>
SC1	Patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas	98,9	99,1
SC2	Libros e prensa	83,6	83,8
SC3	Artes visuais	70,4	73,3
SC4	Artes escénicas	92,9	93,3
SC5	Audiovisual e multimedia	92,6	93,4
SC6	Interdisciplinar	96,7	96,5
<b>Total sector cultural</b>		<b>83,2</b>	<b>84,7</b>
<b>TOTAL ECONOMÍA</b>		<b>84,9</b>	<b>84,4</b>

Fonte: IGE. Conta Satélite da Cultura de Galicia. Revisión estatística 2019; IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2019




## 2.3 Conta de produción e emprego por fases

Atendendo á situación que ocupan dentro da cadea de produción, as actividades culturais divídense en cinco fases: creación e produción, fabricación, difusión e distribución, promoción e regulación, e actividades auxiliares.

Como se observa no gráfico seguinte, a meirande parte do valor engadido xerado polas industrias culturais xérase na primeira fase da cadea produtiva (exactamente, o 73,7%). Nesta primeira fase de creación ou produción inclúense as actividades relacionadas coa elaboración de ideas artísticas e coa definición do produto ou servizo cultural.

**Gráfico 7** Distribución do valor engadido bruto cultural por fases. Serie 2016-2021.  
Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Conta Satélite da Cultura de Galicia. Revisión estatística 2019

O 12,8% do valor engadido xerado no sector cultural de Galicia foi responsabilidade da fase de "Difusión, distribución e comercialización". Nesta fase agrupamos as actividades que conectan o produto cultural (creado e fabricado na nosa economía ou ben importado desde outras economías) co usuario ou consumidor. Exemplo de actividades incluídas nesta fase serían os comerciantes polo xunto e a retallo e outras formas de difusión da cultura, como o cine e a televisión.


A “Promoción, regulación e educación” é a terceira fase en termos de valor engadido (8,5% do VEB cultural en 2021). Nesta fase inclúese a actividade reguladora da administración pública e as actividades educativas relacionadas coa cultura. A fase de “Fabricación” achega en 2021 o 4,6% do VEB cultural e as “Actividades auxiliares” non chegan ao 1%.

Case o 65% dos postos de traballo xerados polo sector cultural en 2021 pertencen á fase de “Creación e produción”: 19.546 empregos, dos 30.169 que xera o sector. Séguena en importancia, pero a moita distancia, as fases de “Difusión, distribución e comercialización” (5.956 postos de traballo), “Fabricación” (2.297 postos de traballo) e “Promoción, regulación e educación” (2.082 postos de traballo).

Con respecto a 2016, o incremento de emprego céntrase na fase de “Creación e produción” mentres as fases de “Fabricación” e “Difusión, distribución e comercialización” perden emprego.

**Gráfico 8 Postos de traballo equivalentes a tempo completo por fases culturais. Serie 2016-2021.**

*Unidade: postos de traballo*



Fonte: IGE. Conta Satélite da Cultura de Galicia. Revisión estatística 2019; IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2019

A información sobre o emprego e as compoñentes das contas de produción e explotación por fase cultural permite realizar unha análise paralela á realizada no caso dos sectores culturais. Ao igual que fixemos na sección anterior, calculamos


cinco indicadores por fase cultural que comparamos coa media da economía galega. Representamos no seguinte gráfico o posicionamento das fases culturais na economía galega segundo estes indicadores.

A fase de “Creación e produción”, que aglutina o 73,7% do valor engadido bruto xerado pola cultura, ten un coeficiente valor engadido bruto sobre a produción (capacidade para crear valor) por riba da media da economía galega. En termos de produtividade, á vista do gráfico, é algo inferior ao promedio da economía galega na serie 2016-2021. Porén, os datos de 2021 xa detectan unha produtividade superior á media de Galicia. En cambio, a remuneración do traballo asalariado (24.926 euros por posto de traballo asalariado) está notablemente por baixo da economía (32.881 euros por posto de traballo asalariado no total da economía galega). Nesta fase a participación das rendas salariais é o máis baixo de entre as fases culturais o que implica un peso do excedente de explotación (remuneración do factor capital) máis alto que no resto de fases e no total da economía.

A fase de “Difusión, distribución e comercialización” destaca, en termos relativos, por unha produtividade e unha taxa de asalarización máis baixa.

**Gráfico 9 Comparativa das fases culturais segundo un conxunto de indicadores. Promedio 2016-2021**

*Media da economía galega = 100*



Fonte: IGE. Conta Satélite da Cultura de Galicia. Revisión estatística 2019; IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2019

Como ocurría na análise por sectores, as actividades reguladoras e de educación cultural, aquí recollidas na fase “Promoción, regulación e educación” alcanzan os maiores valores en practicamente todos os indicadores, excepto na participación das

rendas salariais na creación de valor, indicador no que a fase de “Fabricación” alcanza os maiores valores.

Táboa 5 Indicadores por fases culturais

<b>Capacidade para crear valor: VEB / produción (%)</b>		<b>2021 (p)</b>	<b>Promedio 2016-2021 (p)</b>
FC1	Creación e produción	64,9	63,3
FC2	Fabricación	36,3	36,6
FC3	Difusión, distribución e comercialización	58,6	61,7
FC4	Promoción, regulación e educación	86,0	84,0
FC5	Actividades auxiliares	35,7	39,0
<b>Total sector cultural</b>		<b>62,8</b>	<b>61,5</b>
<b>TOTAL ECONOMÍA</b>		<b>45,1</b>	<b>46,8</b>
<b>Produtividade do factor traballo: VEB / postos de traballo equivalentes a tempo completo (euros)</b>		<b>2021 (p)</b>	<b>Promedio 2016-2021 (p)</b>
FC1	Creación e produción	60.069	53.765
FC2	Fabricación	31.698	32.187
FC3	Difusión, distribución e comercialización	34.203	32.288
FC4	Promoción, regulación e educación	65.118	61.351
FC5	Actividades auxiliares	27.188	28.399
<b>Total sector cultural</b>		<b>52.837</b>	<b>47.509</b>
<b>TOTAL ECONOMÍA</b>		<b>58.915</b>	<b>55.949</b>
<b>Participación das rendas salariais na creación de valor: remuneración dos asalariados / VEB (%)</b>		<b>2021 (p)</b>	<b>Promedio 2016-2021 (p)</b>
FC1	Creación e produción	32,8	39,6
FC2	Fabricación	89,4	87,4
FC3	Difusión, distribución e comercialización	64,1	63,1
FC4	Promoción, regulación e educación	82,8	82,3
FC5	Actividades auxiliares	72,6	75,4
<b>Total sector cultural</b>		<b>43,9</b>	<b>49,7</b>
<b>TOTAL ECONOMÍA</b>		<b>50,0</b>	<b>49,6</b>
<b>Remuneración por posto de traballo equivalente a tempo completo (euros)</b>		<b>2021 (p)</b>	<b>Promedio 2016-2021 (p)</b>
FC1	Creación e produción	23.910	24.926
FC2	Fabricación	33.432	32.966
FC3	Difusión, distribución e comercialización	27.367	25.463
FC4	Promoción, regulación e educación	55.719	52.287
FC5	Actividades auxiliares	23.383	25.128
<b>Total sector cultural</b>		<b>27.854</b>	<b>27.811</b>
<b>TOTAL ECONOMÍA</b>		<b>34.686</b>	<b>32.881</b>
<b>Taxa de asalarización: postos de traballo asalariados / postos de traballo totais (%)</b>		<b>2021 (p)</b>	<b>Promedio 2016-2021 (p)</b>
FC1	Creación e produción	82,5	85,0
FC2	Fabricación	84,8	85,2
FC3	Difusión, distribución e comercialización	80,2	80,0
FC4	Promoción, regulación e educación	96,7	96,5
FC5	Actividades auxiliares	84,4	85,2
<b>Total sector cultural</b>		<b>83,2</b>	<b>84,7</b>
<b>TOTAL ECONOMÍA</b>		<b>84,9</b>	<b>84,4</b>

Fonte: IGE. Conta Satélite da Cultura de Galicia. Revisión estatística 2019; IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2019

### 3 O sector cultural a través das ramas características

Neste apartado analizarase o sector cultural tendo en conta as ramas características definidas no apartado 1. Con esta forma de achegarse ao sector soluciónanse dúas eivas da análise a partir da Conta Satélite: pódese dar unha visión temporal máis ampla e por outra banda pódense realizar comparacións internacionais e dentro do territorio.

Porén, esta visión do sector perde precisión na súa medición xa que con esta selección de ramas estanse incluíndo actividades non culturais na análise (como as actividades deportivas ou recreativas, ou os estudos de mercado) e tamén haberá determinadas actividades culturais que non se terán en conta, como son todas aquelas clases da CNAE incluídas na CSC que non están entre as divisións 18, 58, 59, 60, 73, 90, 91.

Nas operacións centrais do Sistema de Contas Económicas de Galicia do IGE estas actividades recóllense en seis ramas de actividade:

- R18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados
- R58 Edición
- R59\_60 Actividades cinematográficas, de vídeo e televisión, gravación de son, edición musical e actividades de programación e emisión de radio e televisión
- R73 Publicidade e estudos de mercado
- R90\_93M Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de mercado
- R90\_93NM Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de non mercado

Esta desagregación está dispoñible dende o ano 2005 o que permite realizar análises da evolución no tempo do sector así definido. Esta forma de achegarse ao sector permite tamén realizar comparacións interespaciais, xa que as economías da nosa contorna dispoñen de datos nos seus agregados macroeconómicos cunha desagregación similar á nosa. Estas dúas análises realízanse no presente capítulo.

### 3.1 O sector na economía galega a través das ramas características

As ramas características do sector da cultura achegan en 2021 o 2,2% do PIB de Galicia. A produción destas ramas alcanzan os 2.685 millóns de euros, os consumos sitúanse nos 1.239 millóns e o valor engadido xerado por este conxunto de ramas de actividade é de 1.446 millóns.

En termos de emprego, utilizando os Postos de traballo equivalentes a tempo completo, estas ramas xeran 30.234 postos de traballo directos o que representa o 3,0% do emprego total da economía galega.

Táboa 6 As ramas características da cultura en Galicia e peso destas na economía galega. Ano 2021


Unidade: miles de euros (prezos correntes); porcentaxe (%); postos de traballo

Variable	Valor	% sobre total economía
P.1 Produción a prezos básicos	2.684.862	2,0
P.2 Consumos intermedios	1.239.062	1,7
<b>B.1 Valor engadido bruto (VEB)</b>	<b>1.445.800</b>	<b>2,4</b>
<b>B.1g Produto Interior Bruto (PIB)</b>	<b>..</b>	<b>2,2</b>
D.29 - D.39 Outros impostos sobre a produción netos de subvencións	- 119.037	-55,3
D.1 Remuneración de asalariados	803.442	2,7
B.2 Excedente bruto de explotación / Renda mixta	761.395	2,6
Postos de traballo equivalentes a tempo completo		
- Totais	30.234	3,0
- Asalariados	27.116	3,2
- Non asalariados	3.118	2,1

Fonte: IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2019

Analizando a serie de datos dispoñible desde 2005 apréciase que o peso do sector ten certa estabilidade: en trece dos dezasete anos presentados na serie sitúase entre o 2,5 e o 2,7% do PIB. Alcanzou o seu máximo no ano 2012 (2,9%), e o seu mínimo nos dous últimos anos (2020 e 2021, 2,2% do PIB). En emprego, obsérvase unha caída entre 2008 e 2013 e unha progresiva recuperación ata alcanzar o seu máximo en 2019 (32.217 postos de traballo equivalentes a tempo completo). No ano 2021 aínda non se recuperara o nivel de emprego de 2019.

**Gráfico 10 Evolución das ramas características do sector cultural. Serie 2005-2021**  
*Postos de traballo e porcentaxes*



Fonte: IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2019

Paralelamente ao realizado no capítulo anterior, podemos posicionar o sector na economía galega analizando determinados indicadores derivados das contas de produción e explotación e do emprego das ramas características do sector. Por unha banda incluímos no cadro seguinte cinco ratios con información do último ano dispoñible (2021) e do promedio da serie 2005-2021 tanto para o sector como para o total da economía. Por outra banda, representamos no gráfico a evolución comparada dos ditos ratios con respecto á media da economía galega. Un valor superior a 100 indica que o sector está por riba da media galega e un valor inferior a 100 indica que está por baixo da media galega. Isto combina tanto a foto fixa do sector no contexto económico galego como unha visión temporal a máis longo prazo.


Táboa 7 Indicadores das ramas características do sector cultural

Indicadores	2021 (p)		Promedio 2005-2021 (p)	
	Ramas características da cultura	Total economía	Ramas características da cultura	Total economía
Capacidade para crear valor: VEB / produción (%)	53,9	45,1	52,7	46,6
Produtividade do factor traballo: VEB / postos de traballo equivalentes a tempo completo	47.820	58.915	48.190	50.385
Participación das rendas salariais na creación de valor: remuneración dos asalariados / VEB (%)	55,6	50,0	61,3	50,2
Remuneración por posto de traballo equivalente a tempo completo	29.630	34.686	31.834	30.217
Taxa de asalarización: postos de traballo asalariados / postos de traballo totais (%)	89,7	84,9	92,9	83,6

Fonte: IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2019

Gráfico 11 Indicadores das ramas características do sector cultural no contexto da economía de Galicia.

Media da economía galega = 100



Fonte: IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2019



A capacidade de crear valor, medida polo cociente entre valor engadido bruto e produción, é superior ao da economía, e a diferenza foi aumentando ao longo da serie. Isto implica que o sector non é intensivo no uso de materias primas e servizos intermedios.

A produtividade do factor traballo é inferior á media da economía, porén isto ocorre desde o ano 2013. Nos anos anteriores a produtividade das ramas características do sector cultural superaban as da economía galega.

A remuneración por posto de traballo equivalente asalariado amosa un perfil con certo parecido ao observado na produtividade: é inferior á media galega en 2021 pero non se analizamos o promedio 2005-2021. É nos últimos anos da serie cando dita remuneración se sitúa baixo a media da economía.

A participación das rendas salariais na xeración de valor é máis alta. En 2021 de cada 100 unidades de valor engadido xerado utilizábanse 55,6 para remunerar o traballo asalariado. Esta porcentaxe alcanzaba o 50% no total da economía.

A taxa de asalarización é superior nas ramas características da cultura que na media da economía. En 2021 o 89,7% dos postos de traballo equivalentes a tempo completo no sector eran asalariados. Na economía esta porcentaxe sitúase no 84,9%. Na análise temporal percíbese un achegamento deste indicador á media da economía galega.

### 3.2 A composición interna do sector

As seis ramas de actividade do Sistema de Contas Económicas do IGE que forman o sector teñen un peso moi diferente. As "Actividades artísticas, recreativas e de entretemento" achegan conxuntamente en 2021 un 70% do VEB. Estas dúas ramas chegaron a representar o 74% en 2012, ano no que a parte de mercado representaba o 61% e a de non mercado o 13%. Desde ese período a presenza (en termos relativos) das actividades artísticas, recreativas e de entretemento de mercado diminuíu no total do sector. Especialmente relevante é a perda de peso do ano 2020, marcado pola pandemia.


O sector da edición, que en 2005 achegaba un 12% do VEB cultural reduce a súa xerarquía no sector cunha achega do 7% en 2021. A publicidade xera en 2021 o 7% das

ramas características do sector, peso similar ao rexistrado en 2005, se ben nos anos 2012-2016 esta achega non superaba o 4%.

As rama de actividade das “Artes gráficas e reprodución de soportes gravados” representa o 5% en 2021 cando en 2005 representaba o 10% do total.

### Gráfico 12 Distribución do valor engadido bruto cultural por ramas de actividade característica

Unidade: porcentaxes (%)




Fonte: IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2019

En termos de emprego as Actividades artísticas, recreativas e de entretemento” rexistran un total de 20.207 postos de traballo (12.819 en mercado; 7.388 en non mercado), isto é, o 67% do emprego total do sector. Desde 2005 estas dúas ramas incrementaron, tanto en termos absolutos como relativos, o emprego.

As ramas “Artes gráficas e reprodución de soportes gravados” e “Edición” sofren perdas de emprego desde o ano 2005. Ambas as dúas perderon un terzo do seu emprego desde o inicio do período

### Gráfico 13 Postos de traballo equivalentes a tempo completo por rama de actividade característica do sector cultural

Unidade: postos de traballo



Fonte: IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2019

### 3.3 O sector no contexto internacional

Unha das fortalezas da definición do sector cultural a partir das ramas características é a utilización dun estándar de clasificación que nos permite realizar comparativas con España e os países da Unión Europea. Na elaboración do Sistema de Contas Económicas de Galicia defínense as ramas de actividade consonte á CNAE e o nivel de desagregación é comparable ao que utilizan os Estados membros da Unión cando remiten os datos macroeconómicos a Eurostat. Dado que os métodos para estimar os ditos datos tamén son comúns, estamos en disposición de realizar comparacións homoxéneas entre o sector cultural galego, definido en termos de ramas características, e o sector cultural estatal ou europeo, e mesmo coñecer en que países da Unión a cultura achega maior peso.


A contribución do sector en Galicia é inferior á achega noutros espazos como España e a Unión Europea (Gráfico 14). En España, as ramas de actividade características da cultura, representaban en 2021 un 2,7% do PIB total, peso similar ao deste conxunto de actividades na Unión Europea (UE-27). Tamén concorda que o ano inicial da serie é

no que as ramas características do sector cultural teñen unha maior achega porcentual ao PIB, cousa que non ocorre en Galicia como observamos no apartado anterior.

O ano 2020 supón un retroceso da relevancia cuantitativa na economía, retroceso máis pronunciado no caso de España ou Galicia que no da Unión Europea. En 2021 ningún dos tres espazos recupera os valores pre-pandemia.

#### Gráfico 14 Peso das ramas características do sector cultural na economía. Galicia, España e Unión Europea (UE-27)

Unidade: porcentaxes (%)



Fonte: IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2019; INE. Contabilidade nacional anual de España: agregados por rama de actividade. EUROSTAT. Annual national accounts.


En termos de emprego (ver Gráfico 15) apréciase certa estabilidade da porcentaxe de emprego cultural no total dos empregos na economía española e europea. Na Unión Europea o 3% das persoas<sup>17</sup> ocupadas traballaban nunha rama característica do sector cultural. Esta porcentaxe era o 3,2% en 2005 e mantense con variacións de escasa magnitude ao longo da serie. En España esta porcentaxe é en 2021 do 3,6% e alcanza

<sup>17</sup> Neste gráfico utilizamos a variable "Persoas" xa que é a única variable de emprego dispoñible en Eurostat para valorar o sector cultural. No resto do documento utilízase "Postos de traballo equivalentes a tempo completo" por ser a variable de emprego que se difunde na Conta Satélite da Cultura. Esta variable non está dispoñible en todas as ramas características do sector cultural dentro do "database" de Eurostat.

o máximo en 2010 (3,7%) e o mínimo sitúase en 3,5% en varios exercicios. Polo tanto, é moi estable ao longo do tempo.

### Gráfico 15 Peso do emprego das ramas características do sector cultural na economía. Galicia, España e Unión Europea (UE-27)

Unidade: porcentaxes (%)



Fonte: IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2019; INE. Contabilidad nacional anual de España: agregados por rama de actividad. EUROSTAT. National Accounts

A composición interna do sector marca algunha das diferenzas entre as ramas culturais en Galicia e nas economías da contorna, e contribúe a explicar por que en Galicia o peso destas actividades na economía é inferior. No seguinte gráfico combínase a información do último ano (2021) coa media da serie 2005-2021 para analizar a estrutura interna en termos de valor económico.


Tanto na UE como en España a achega das “Actividades artísticas, recreativas e de entretemento” é moi inferior á galega, aínda que nos tres espazos é a principal rama en termos de valor engadido xerado. Non en tanto, o diferente peso da “Edición” dentro do conxunto de ramas características é a principal diferenza de estrutura: mentres en Galicia achega o 7% do VEB das ramas culturais (tanto en 2021 como na media da serie) na Unión Europea chega ao 27%.

Continuando coas diferenzas, o peso da “Publicidade” no sector é moito máis relevante en España (16%) e Unión Europea (14%) que en Galicia (7%). En cambio, un trazo común a estrutura interna das ramas características nas tres economías é a

baixa porcentaxe da única rama da industria manufactureira que conforma o sector: as “Artes gráficas e reprodución de soportes gravados” achegan entre o 5 e o 6 % do valor xerado polo sector en Galicia, España e UE-27.

### Gráfico 16 Composición interna do sector en termos de valor engadido. Galicia, España e UE28. Anos 2009-2013

Unidade: porcentaxes (%)



Fonte: IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2019; INE. Contabilidad nacional anual de España: agregados por rama de actividad. EUROSTAT. National Accounts

#### 3.3.1 Análise por países

No contexto da UE-27 existen diferenzas significativas entre a achega do sector nun e noutros países, tal como se aprecia no seguinte gráfico, no que representamos a achega ao PIB da serie 2005-2021, co obxecto de dar unha visión estrutural da posición da cultura nas economías europeas<sup>18</sup>. No agregado da UE-27 non se inclúe ao Reino


<sup>18</sup> Cómpre resaltar que a dispoñibilidade de datos para facer esta comparativa é desigual. A desagregación sectorial non permite en ocasións calcular as achegas ao PIB para todo o período. É o caso de Malta (con datos só para 2016-2021), Irlanda (con información só para 2005-2014) ou para Dinamarca (sen datos para 2021). Luxemburgo non ten datos cunha desagregación sectorial acorde a esta análise.

Unido, por non formar parte da UE desde 2020; porén, na análise por países incluímos os seus datos pola relevancia do sector cultural dentro da súa economía.

En Malta a achega das ramas culturais á economía supera o 12% do PIB, en Portugal esta porcentaxe é do 1,8%. Irlanda é outro Estado membro da Unión no que o peso da cultura é especialmente relevante (5,5%), e séguelle en orde de importancia cuantitativa Reino Unido (4,0%). España ten unha achega superior á media comunitaria, mentres Galicia, como xa temos comentado, sitúase por baixo.

### Gráfico 17 Achega do sector cultural ao PIB. Países da UE. Promedio 2005-2021

Unidade: porcentaxe (%)




Fonte: IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2019; INE. Contabilidad nacional anual de España: agregados por rama de actividad. EUROSTAT. National Accounts

(\*) Para os seguintes Estados membros EUROSTAT non dispón de datos desagregados para a serie completa: Malta (os datos fan referencia ao período 2016-2021); Irlanda (os datos fan referencia ao período (2005-2014); Reino Unido (2005-2018); Dinamarca (os datos fan referencia ao período 2005-2020)

A composición do sector cultural tamén é diferente nas distintas economías. En Malta a principal rama característica é, como no caso de Galicia, as "Actividades artísticas, recreativas e de entretemento" que representa o 72% do sector cultural. En Irlanda son as actividades da edición as que teñen maior peso (máis do 60% do sector), mentres no Reino Unido as actividades relacionadas co audiovisual representan o 24% do valor engadido cultural total, cifra moi superior a calquera dos outros espazos aquí representados.

### Gráfico 18 Distribución do VEB cultural por ramas características. Malta, Irlanda, Reino Unido, Galicia, España e UE-27. Anos 2005-21

Unidades: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Contas económicas anuais. Revisión estatística 2019; INE. Contabilidad nacional anual de España: agregados por rama de actividad. EUROSTAT. National Accounts (\*) Malta (período 2016-2021); Irlanda (período 2005-2014); Reino Unido (período 2005-2018)

## 3.4 A dimensión territorial do sector

Neste apartado analízase o emprazamento das actividades culturais no territorio, a través dunha explotación interna dos resultados da operación estatística "Produto interior bruto municipal". A análise restrínxese ao total do valor engadido das ramas características do sector cultural, tal e como foi definido no apartado 1 isto é, ao conxunto das divisións 18, 58, 59, 60, 73, 90, 91, 92 e 93 da CNAE-2009.

O estudo da dimensión territorial do sector cultural en Galicia abrangue dúas vertentes. Por unha banda, consiste en determinar en que comarcas se concentran este tipo de actividades e, por outra banda, tamén hai que analizar como de importante é o sector dentro das economías comarcais.



### NOTA METODOLÓXICA 1

O IGE publica desde 2013 os resultados do produto interior bruto (PIB) distribuído por comarcas e concellos na operación "Produto interior bruto municipal"<sup>19</sup>. Nesta operación ofrécense tamén os resultados do VEB comarcal desagregado en 12 ramas de actividade. A operación ten carácter bienal e dispónse de información para os anos 2010, 2012, 2014, 2016, 2018 e 2020.

Para dar un maior contido a esta análise do sector cultural aprovéitase a información interna elaborada para a publicación da dita operación. Agrégase o VEB achegado polas ramas 18, 58, 59, 60, 73 e 90\_93 en cada comarca para construír o agregado cultural comarcal. A partir deste valor, determínase o peso de cada comarca no conxunto de Galicia, así como a achega do VEB cultural ao PIB total da comarca.

Para dar unha visión máis estrutural da distribución da actividade do sector no territorio utilizamos o promedio dos anos dispoñibles nesta operación estatística.

#### 3.4.1 Distribución do sector no territorio

O 51,6% do VEB xerado polas ramas características da cultura en Galicia concéntrase na provincia da Coruña. Séguela en importancia a provincia de Pontevedra, onde se xera o 31,5% do VEB cultural e, a moita distancia, as provincias de Lugo e Ourense, que achegan menos do 20% do VEB cultural de Galicia (9,1% en Lugo e 7,8% en Ourense). Nestas dúas provincias estas porcentaxes son inferiores as que rexistran tanto no global da súa actividade económica (PIB) como na súa poboación.

Táboa 8 Distribución provincial do valor engadido bruto (VEB) das ramas características da cultura, do PIB e da poboación. Promedio da serie bienal 2010-2020

Provincia	Sector cultural	Total PIB	Poboación (*)
A Coruña	51,6	44,7	41,7
Lugo	9,1	12,1	12,0
Ourense	7,8	10,5	11,3
Pontevedra	31,5	32,7	35,0

Fonte: elaboración propia a partir de información interna non difundida na operación IGE. *Produto interior bruto municipal. Revisión estatística 2019. IGE. Cifras poboacionais de referencia.*

(\*) Os datos de poboación refírense a xullo de 2022.

<sup>19</sup> Máis información sobre o Produto Interior Bruto Municipal en:  
[https://www.ige.gal/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007007](https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007007)

A comarca galega na que se xera máis valor engadido cultural é a da Coruña (24,4% do total), seguida da comarca de Vigo (18,6%) e Santiago (15,3%). Entre as tres comarcas aglutinan o 58,3% do valor xerado polas ramas características de cultura. En cambio, en termos de actividade económica total (medida polo PIB) nestas tres comarcas xérase o 44,4% do PIB de Galicia.

Táboa 9 Distribución territorial do valor engadido bruto (VEB) das ramas características da cultura. Comparativa coa distribución do Produto Interior Bruto (PIB). Principais comarcas. Promedio da serie bienal 2010-2020.

Unidade: porcentaxe (%)

Comarca	Sobre total sector cultural	Porcentaxe acumulada	Peso en termos de PIB	Porcentaxe acumulada
A Coruña	24,4	24,4	19,3	19,3
Vigo	18,6	43,0	17,5	36,8
Santiago	15,3	58,3	7,7	44,4
Ourense	5,7	64,0	5,8	50,2
Pontevedra	5,6	69,6	4,5	54,7
Lugo	5,5	75,1	4,6	59,3
Ferrol	3,8	78,9	5,2	64,5
O Salnés	2,7	81,6	3,3	67,8
Eume	2,1	83,7	1,6	69,3
O Morrazo	1,4	85,2	2,1	71,4
<i>Resto de comarcas</i>	<i>14,8</i>	<i>100,0</i>	<i>28,6</i>	<i>100,0</i>

Fonte: elaboración propia a partir de información interna non difundida na operación IGE. *Produto interior bruto municipal. Revisión estatística 2019.*

Se sumamos as outras catro comarcas cuxa cabeceira é una cidade (Ourense, Pontevedra, Lugo e Ferrol) temos que de cada 100 euros xerados no sector cultural 78,9 euros son xerados na contorna das sete grandes cidades galegas.

As comarcas do Salnés, Eume e o Morrazo completan este cadro coas dez comarcas sobranceiras en termos de VEB xerado. No caso do Eume, Courña, Vigo, Santiago, Pontevedra e Lugo a cota de actividade cultural supera a cota de actividade total. Isto implica que son comarcas nas que o peso do sector cultural supera á media de Galicia, como veremos na seguinte sección.

Estas dez comarcas acumulan, en termos relativos, porcentaxes de xeración de valor cultural máis elevadas que as do PIB, o que fala dunha concentración xeográfica da actividade cultural.

A análise do emprazamento das unidades locais (establecementos) no territorio reforza esta idea. Tomando os últimos datos difundidos na operación estatística “Explotación do directorio de empresas e unidades locais”, correspondentes a 2022 vemos como o 77,7% dos establecementos das ramas características da cultura se atopan nestas dez comarcas. De feito, as comarcas da Coruña, Vigo e Santiago concentran máis da metade das unidades locais da cultura.

Táboa 10 Unidades locais das ramas características da cultura. Ano 2022

Comarca	Unidades locais	Porcentaxe	Porcentaxe acumulada
A Coruña	2.197	20,2	20,2
Vigo	2.049	18,9	39,1
Santiago	1.248	11,5	50,6
Ourense	536	4,9	55,6
Pontevedra	573	5,3	60,8
Lugo	555	5,1	66,0
Ferrol	500	4,6	70,6
O Salnés	420	3,9	74,4
Eume	85	0,8	75,2
O Morrazo	274	2,5	77,7
<i>Resto de comarcas</i>	<i>2.415</i>	<i>22,3</i>	<i>100,0</i>
<b>Total Galicia</b>	<b>10.852</b>		

Fonte: IGE. *Explotación do directorio de empresas e unidades locais*

### 3.4.2 Importancia do sector na economía do territorio


Neste apartado ofrécese unha visión complementaria da exposta no anterior. Se antes se falaba de como se distribúe a actividade polo territorio galego, agora analízase como de importante é esa actividade neses territorios. Para este fin, calculamos a achega ao produto interior bruto comarcal do sector da cultura para os anos 2010-2020, o que proporcionará unha dimensión do sector fundamental para coñecer a súa importancia en Galicia.

Como se observa no mapa, en sete comarcas a achega da cultura ao PIB comarcal supera a media de Galicia (que, ao considerar o agregado das ramas características, e os anos pares da serie 2010-2020, ascende ao 2,5% do PIB galego). Estas comarcas son, por orde de importancia, Santiago, onde o peso do sector cultural no PIB da

bisbarra sitúase no 5%, Eume (3,2%), A Coruña (3,2%), Pontevedra (3,1%), Lugo (3,0%) e Vigo (2,7%) e a comarca de Terra de Melide (2,5%)<sup>20</sup>.

Gráfico 19 Achega das ramas características da cultura ao PIB comarcal. Promedio da serie bienal 2010-2020.

Unidade: peso no PIB da comarca (%)



Fonte: elaboración propia a partir de información interna non difundida na operación IGE. *Produto interior bruto municipal. Revisión estatística 2019.*

<sup>20</sup> No anexo inclúese unha táboa que achega o peso das ramas características do sector nas economías comarcais.

## 4 Produtos característicos e relacións intersectoriais: unha análise a partir do Marco input-output de Galicia

Neste capítulo utilizaremos o Marco input-output de Galicia nas súas dúas vertentes. No primeiro bloque centrarémonos na súa capacidade descritiva e faremos unha radiografía do sector a partir dos fluxos de oferta e demanda dos seus produtos característicos utilizando a información publicada nas matrices de orixe e destino da “Actualización do Marco input-output de Galicia. Ano 2018”.

No segundo bloque aproveitaremos as funcionalidades analíticas do Marco para analizar as relacións intersectoriais do sector e para iso apoiaremos na matriz simétrica da economía galega calculada e difundida no devandito Marco<sup>21</sup>.

### 4.1 Oferta e demanda dos produtos característicos do sector

As táboas de orixe e destino (TOD) son matrices rectangulares que describen os valores das operacións de bens e servizos referidas á economía, desagregadas por tipo de produto e rama de actividade. No “Marco input-output de Galicia” distinguimos sete servizos característicos do sector da cultura que, ao igual que ocorría coa definición do sector, definimos consonte a un estándar, neste caso a Clasificación de Produtos por Actividade (CPA-2.1).

Táboa 11 Servizos característicos do sector da cultura

Código	Descrición produto	CPA-2.1.
18	Servizos de impresión e reprodución de soportes gravados	18
58	Servizos de edición	58
59_60M	Servizos cinematográficos, de vídeo, televisión, son e edición musical; servizos de programación e emisión de radio e televisión de mercado	59 e 60(M)
60NM	Servizos de programación e emisión de radio e televisión de non mercado	60(NM)
73	Servizos de publicidade e estudos de mercado	73
90_93M	Servizos de arte, espectáculos e lecer de mercado	90(M), 91(M), 92, 93(M)
90_93NM	Servizos de arte, espectáculos e lecer de non mercado	90(NM), 91(NM), 93(NM)

Fonte: IGE. *Actualización do Marco Input-Output de Galicia: ano 2018*

Para cada un deles temos, a través das TOD, información da oferta e demanda: a oferta está formada por produción interior e por importacións, mentres a demanda é a suma do consumo intermedio, o gasto en consumo final, a formación bruta de capital (investimento) e as exportacións.

<sup>21</sup> Para coñecer as diferenzas entre ambas as fontes e as razóns da utilización dunha e doutra, pode consultarse a metodoloxía da “Marco input-output de Galicia. Ano 2016” en: [https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/Met\\_actualizacionMiogal\\_16\\_gl.pdf](https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/Met_actualizacionMiogal_16_gl.pdf)

Estes produtos están estreitamente relacionados coas ramas de actividade. Estas son agrupacións de unidades produtivas que teñen unha determinada actividade principal. Cada unha destas ramas vai ter como produción principal un produto característico da súa rama. Por exemplo, a rama de actividade "R59\_60 Actividades cinematográficas, de vídeo e televisión, gravación de son, edición musical e actividades de programación e emisión de radio e televisión" pode ter como produción principal o servizo "59\_60M" ou ben o "60NM", pero isto non significa que produza en exclusiva estes servizos, xa que poden existir outras producións, chamadas secundarias, doutros produtos diferentes (como pode ser a prestación de servizos inmobiliarios, ou os servizos comerciais.).

Na seguinte táboa resumimos a oferta e demanda dos servizos característicos da cultural.

**Táboa 12 Oferta e demanda de servizos característicos da cultura. Ano 2018**  
*Millóns de euros*

Código	Descrición produto	Oferta a prezos básicos		Demanda a prezos básicos			
		Produción a prezos básicos	Importacións	Demanda Intermedia	Gasto en consumo final	Exportacións	Formación bruta de capital
18	Servizos de impresión e reprodución de soportes gravados	237	75	243	1	69	-1
58	Servizos de edición	192	176	184	114	21	48
59_60M	Servizos cinematográficos, de vídeo, televisión, son e edición musical; servizos de programación e emisión de radio e televisión de mercado	131	113	164	17	58	4
60NM	Servizos de programación e emisión de radio e televisión de non mercado	94	0	0	94	0	0
73	Servizos de publicidade e estudos de mercado	264	613	823	1	53	0
90_93M	Servizos de arte, espectáculos e lecer de mercado	1.498	83	301	1.164	88	28
90_93NM	Servizos de arte, espectáculos e lecer de non mercado	444	0	0	444	0	0
<b>Servizos característicos da cultura</b>		<b>2.859</b>	<b>1.059</b>	<b>1.715</b>	<b>1.835</b>	<b>289</b>	<b>80</b>

Fonte: IGE. *Actualización do Marco Input-Oupput de Galicia: ano 2018*


O 73% da oferta destes servizos proven de produción interior e o 27% de produción importada. No que respecta a demanda, case a metade (47%) dos servizos están orientados ao consumo final, pero existe un volume non desprezable (44%) de servizos consumidos por outras ramas de actividade da economía galega (demanda intermedia). As exportacións e a formación bruta de capital nestes servizos é menos relevante.

No ano 2018 a produción máis relevante do sector atopámola nos "Servizos de arte, espectáculos e lecer de mercado" (1.498 millóns de euros), seguido dos "Servizos de arte, espectáculos e lecer de non mercado" (código 90\_93NM; 444 millóns de euros).

No que se refire ás importacións destacan os “Servizos de publicidade e estudos de mercado” (código 73; 613 millóns de euros). Neste servizo as importacións superan á produción interior, sendo o único servizo cultural no que ocorre isto. Nos produtos de “non mercado” non se rexistran importacións e nos “Servizos de impresión e reprodución de soportes gravados” e nos “Servizos de arte, espectáculos e lecer de mercado” representan unha porcentaxe baixa da oferta dos produtos. Nos servizos de edición (código 58) e nos servizos relacionados co audiovisual (código 59\_60M) as importacións son máis relevantes.

Gráfico 20 Oferta por produtos. Datos a prezos básicos. Ano 2018.

Millóns de euros




Fonte: IGE. Actualización do Marco Input-Output de Galicia: ano 2018

Se analizamos a demanda de servizos culturais vemos que o destino é moi diferente en función do produto. No caso dos servizos de non mercado (códigos 60NM e 90\_93NM) o destino final é, por definición, o gasto en consumo final (concretamente das Administracións Públicas). Este tamén é o destino maioritario dos “Servizos de arte, espectáculos e lecer de mercado”, porén tamén son relevantes as súas exportacións e o seu uso como consumo intermedio doutras ramas de actividade da economía (“Demanda intermedia”, no gráfico). Os destinos dos servizos de artes gráficas e edición (códigos 18 e 58 respectivamente) están moi orientados a outras

ramas de actividade. A diferenza entre ambos é que o primeiro ten un gasto en consumo final moi reducido mentres no segundo o consumo final é máis elevado.

**Gráfico 21 Demanda por produtos. Datos a prezos básicos. Ano 2018**

Millóns de euros



Fonte: IGE. Actualización do Marco Input-Output de Galicia: ano 2018

## 4.2 Relacións intersectoriais: identificación de complexos produtivos, efectos directos e indirectos e identificación de sectores clave

Para estimar a intensidade das relacións intersectoriais que se observan entre as ramas de actividade da economía galega analizamos a matriz simétrica, que é unha matriz por ramas homoxéneas (por produtos) que se elabora a partir das táboas de orixe e destino (TOD) do Marco input-output. Nesta matriz simétrica cada rama homoxénea produce un tipo de produto característico e cada columna da matriz simétrica expresa a función de produción, é dicir, os consumos intermedios e a remuneración dos factores produtivos precisos para obter a produción desa rama homoxénea.

O IGE inclúe na publicación da matriz simétrica da economía galega de 2018 nove táboas que facilitan os seus obxectivos analíticos, e que se basean na meirande parte na metodoloxía da análise input-output desenvolvida a partir dos traballos de Leontief.



Estas nove táboas son:

1. Matriz de coeficientes técnicos totais. A suma por columnas desta matriz recolle os encadeamentos directos cara atrás totais.
2. Matriz de coeficientes técnicos interiores. A suma por columnas desta matriz recolle os encadeamentos directos cara atrás interiores.
3. Matriz inversa de Leontief. Multiplicadores técnicos totais. A suma por columnas desta matriz recolle os encadeamentos totais cara atrás totais.
4. Matriz inversa de Leontief. Multiplicadores técnicos interiores. A suma por columnas desta matriz recolle os encadeamentos totais cara atrás interiores.
5. Matriz de coeficientes de distribución totais. A suma por filas desta matriz recolle os encadeamentos directos cara a diante totais.
6. Matriz de coeficientes de distribución interiores. A suma por filas desta matriz recolle os encadeamentos directos cara a diante interiores.
7. Matriz inversa de Ghosh total. A suma por filas desta matriz recolle os encadeamentos totais cara a diante totais.
8. Matriz inversa de Ghosh interior. A suma por filas desta matriz recolle os encadeamentos totais cara a diante interiores.
9. Coeficientes de traballo. Os coeficientes de traballo directos indican os postos de traballo (asalariados e non asalariados) que se xeran en Galicia por unidade de produción dunha rama. Os coeficientes de traballo totais recollen a capacidade total de xerar postos de traballo na economía galega.

#### 4.2.1 Complexo produtivo do sector da cultura

Realizaremos unha primeira aproximación ás relacións intersectoriais na economía galega estudando as ligazóns específicas entre ramas. Empregaranse para iso os coeficientes de ligazón de Streit que se definen como segue:

$$CES_{ij} = \frac{LEO_{ij} + LEO_{ji} + LED_{ij} + LED_{ji}}{4},$$

Onde:

$LEO_{ij}$ <sup>22</sup> é a ligazón específica de oferta entre as ramas i e j definida como o cociente entre o que a rama i lle entrega á rama j e o total da demanda intermedia da primeira.

<sup>22</sup>  $LEO_{ij} = \frac{X_{ij}}{\sum_j X_{ij}}$ , onde  $X_{ij}$  é o consumo intermedio que a rama j fai de produtos da rama i

Segundo se computen ou non dentro da rama  $i$  os bens e servizos procedentes do exterior da rexión, estaremos ante ligazóns con importacións ( $LEO_{ij}^T$ ) ou sen importacións ( $LEO_{ij}^R$ ). Xa que logo,  $LEO_{ij}^T$  representa o tanto por un absorbido pola rama  $j$  do total de recursos (rexionais ou importados) da rama  $i$  que son consumidos pola demanda intermedia.  $LEO_{ij}^R$  é o tanto por un que representan os consumos intermedios realizados polos establecementos galegos da rama  $j$  respecto do total de outputs intermedios dos establecementos, tamén galegos, da rama  $i$ .

$LED_{ij}$ <sup>23</sup> é a ligazón específica de demanda entre as ramas  $i$  e  $j$ . De novo hai que distinguir entre ligazóns específicas de demanda con importacións ( $LED_{ij}^T$ ) e sen importacións ( $LED_{ij}^R$ ), segundo se computen a totalidade das compras intermedias ou só as de establecementos situados na rexión.  $LED_{ij}^T$  representa o tanto por un que sobre o total de consumos intermedios da rama  $j$  (tanto de orixe galega coma exterior) representan os realizados por ela respecto de bens e servizos da rama  $i$ .  $LED_{ij}^R$  é o tanto por un que, sobre o total dos consumos intermedios de orixe galega realizados pola rama  $j$ , representan os adquiridos por ela nos establecementos, tamén galegos, encadrados na rama  $i$ .

Se as ligazóns utilizadas son do tipo "sen importacións", poderemos identificar os nós de produción reais da economía galega. Pero se as consideradas son da clase "con importacións", as relacións identificadas suxiren posibles oportunidades para desenvolver complexos produtivos en Galicia.

O coeficiente de ligazón de Streit toma valores entre 0 e 1 e a proximidade a 1 indica maior dependencia entre as ramas consideradas. Para discriminar cales son as relacións intersectoriais máis importantes que nos servirán para identificar as cadeas produtivas, é habitual establecer un limiar mínimo, de modo que un sector  $j$  se considera incluído na cadea produtiva dun sector  $i$  sempre que o coeficiente de ligazón de Streit sexa superior ao dito limiar. A partir da observación dos valores destes coeficientes na economía galega, adoptouse o criterio de considerar incluído na cadea produtiva dun sector todas aquelas ramas vinculadas con el por un coeficiente de


---

<sup>23</sup>  $LED_{ij} = \frac{X_{ij}}{\sum_i X_{ij}}$ , sendo  $X_{ij}$  é o consumo intermedio que a rama  $j$  fai de produtos da rama  $i$

ligazón de Streit superior a 0,1. Ademais, para falar dun complexo produtivo esiximos un mínimo de tres conexións relevantes entre ramas.

Con base aos criterios definidos, en 2018 non podemos falar dun complexo produtivo cultural Galicia. Só se detectan dúas conexións relevantes: unha entre o audiovisual e a publicidade e outro entre a parte de mercado coa de non mercado da rama das actividades artísticas, recreativas e de entretemento.

#### Ilustración 1 Conexións entre as ramas características do sector cultural



Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. *Actualización do Marco Input-Output de Galicia: ano 2018*

#### 4.2.2 Efectos directos e indirectos

Un dos principais inconvenientes do emprego das ligazóns entre ramas para a análise das relacións intersectoriais é que no cálculo das ligazóns só se teñen en conta as relacións produtivas directas entre as ramas de actividade.

Os encadeamentos directos cara atrás representan as necesidades que a rama ten dos inputs intermedios que lle proporcionan o resto das ramas produtivas da economía galega. Un valor alto do indicador reflicte un uso intensivo de consumos intermedios na produción total e ademais que os devanditos consumos teñen orixe galega. Isto implica unha integración na economía galega como demandante de produtos galegos.

Baseándonos neste indicador, tanto a “Edición” (0,3942) como a “Publicidade e estudos de mercado” (0,4097) e as “Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de non mercado” (0,3719) presentan uns encadeamentos directos cara a atrás superiores ao promedio da economía galega (0,3378).

Tal e como se recolle na Táboa 13, o efecto arrastre do sector amplificaríase de substituírse as importacións por produción interior. O coeficiente total fai referencia a este efecto e, por exemplo, a rama das artes gráficas terían un coeficiente total superior ao da media da economía.

Os encadeamentos directos cara a diante informan sobre a situación dun sector na cadea de valor e recollen se o seu destino ten un carácter maioritariamente final ou intermedio. Un maior valor do indicador implica unha maior orientación como subministradora de inputs para a economía galega, é dicir, cara á demanda intermedia.

**Táboa 13 Encadeamentos directos e totais**

			Encadeamentos directos		Encadeamentos totais	
			Cara a atrás	Cara a diante	Cara a atrás	Cara a diante
R18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	Interior	0,3361	0,7089	1,5164	2,3202
		Total	0,6145	0,7787	2,5000	2,5780
R58	Edición	Interior	0,3942	0,5121	1,6136	1,8463
		Total	0,5593	0,5019	2,2681	1,9135
R59_60	Actividades cinematográficas, de vídeo e televisión, gravación de son, edición musical e actividades de programación e emisión de radio e televisión	Interior	0,1503	0,2869	1,2111	1,5142
		Total	0,3805	0,4873	1,7088	1,9578
R73	Publicidade e estudos de mercado	Interior	0,4097	0,7988	1,5956	2,2394
		Total	0,6635	0,9383	2,4990	2,5384
R90_93M	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de mercado	Interior	0,3045	0,1543	1,4376	1,1810
		Total	0,3929	0,1902	1,7516	1,2274
R90_93NM	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de non mercado	Interior	0,3719	0,0000	1,5465	1,0000
		Total	0,4649	0,0000	1,8855	1,0000
<b>Total economía</b>		<b>Interior</b>	<b>0,3378</b>	<b>0,3799</b>	<b>1,5308</b>	<b>1,6027</b>
		<b>Total</b>	<b>0,5351</b>	<b>0,4526</b>	<b>2,3105</b>	<b>1,7850</b>

Fonte: IGE. *Actualización do Marco Input-Ouptut de Galicia: ano 2018*

Os servizos das artes gráficas (código R18), a “Edición” (código R58) e a “Publicidade e estudos de mercado” (código R73) son as ramas características máis orientadas a fornecer de servizos a outras ramas da economía. As tres presentan uns encadeamentos directos cara a diante moi superiores á media da economía (0,3799). Pola contra, as actividades relacionadas co audiovisual (código R59\_60) ou as ramas que agrupan as actividades artísticas (códigos R90\_93M, R90\_93NM) están máis

próximas ao consumidor ou usuario final e presenta uns encadeamentos directos cara a diante máis baixos.

Os coeficientes descritos ata o momento teñen en conta unicamente as relacións directas entre ramas, pero para captar o efecto arrastre dun sector sobre a economía tamén se deben ter en conta as conexións indirectas entre sectores que se establecen ao longo das cadeas produtivas que existen na economía.

Así, os encadeamentos totais cara atrás engádenlles aos encadeamentos directos o efecto de que, ante un incremento da demanda, a propia rama vai aumentar tamén os consumos de todos os seus inputs intermedios. Isto pon de manifesto que, cando se incrementa a demanda final da rama  $j$ , a rama  $i$  non só ten que aumentar a súa produción na contía que  $j$  precisa directamente de tales bens para poder elevar o seu nivel de produción, senón que tamén terá que atender as demandas intermedias xeradas por todos os sectores que, directa ou indirectamente, son provedores de  $j$ .

As ramas características do sector non se caracterizan por un efecto arrastre moi elevado. Estes coeficientes superan lixeiramente ao promedio da economía (1,5308) no caso da rama da "Edición" (1,6136), da publicidade (1,5956) e das "Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de non mercado" (1,5465).

Os coeficientes de traballo directos recollen os postos de traballo que se xeran por unidade de produción. As "Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de non mercado" ten o coeficiente máis alto de entre as ramas do sector (0,0166), o implica que se xeran 17 postos de traballo por cada millón de euros producido. O resto de ramas sitúanse a carón da media da economía (0,0125), por riba no caso do audiovisual (0,0133), "Publicidade e estudos de mercado" (0,0129) e "Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de mercado" (0,0129) e por baixo no caso das artes gráficas e da "Edición" (ambas cun coeficiente de 0,0122).

Pero como existen interconexións entre as ramas da economía galega, un incremento da produción nunha delas non só provoca incrementos de emprego nesa rama, senón que na medida en que esta utiliza inputs producidos por outras ramas tamén repercute no seu emprego.

**Táboa 14** Coeficientes de traballo directos e totais e a súa descomposición

Ramas características do sector cultural	Coeficientes de traballo			Totais (D=A+B+C)	Efecto multiplicador (D/A)
	Directos (A)	Indirectos (B)	Inducidos (C)		
R18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	0,0122	0,0038	0,0017	0,0177	1,4473
R58 Edición	0,0122	0,0051	0,0022	0,0195	1,5983
R59_60 Actividades cinematográficas, de vídeo e televisión, gravación de son, edición musical e actividades de programación e emisión de radio e televisión	0,0133	0,0014	0,0005	0,0153	1,1475
R73 Publicidade e estudos de mercado	0,0129	0,0046	0,0018	0,0193	1,4961
R90_93M Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de mercado	0,0129	0,0030	0,0012	0,0171	1,3240
R90_93NM Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de non mercado	0,0166	0,0064	0,0018	0,0248	1,4914
<b>Sector da cultura</b>	<b>0,0134</b>	<b>0,0037</b>	<b>0,0014</b>	<b>0,0186</b>	<b>1,3837</b>

Fonte: IGE. *Actualización do Marco Input-Output de Galicia: ano 2018*

Os coeficientes de traballo totais recollen a capacidade total de xerar emprego na economía galega. Segundo estes coeficientes, o sector da cultura xera 18,6 empregos na economía galega por cada millón de euros producido, dos cales 13,4 se xeran na propia rama e os 5,2 restantes se corresponden con empregos indirectos noutras ramas da economía que subministran inputs a estas actividades ou aos seus provedores. Concretamente, 3,7 empregos xeráranse nos provedores de primeira liña do sector e o resto serían empregos inducidos, producidos a causa do aumento da demanda de inputs que realizan as diferentes ramas afectadas polos efectos indirectos e que se transmiten ao conxunto de sectores da economía.

### 4.2.3 Identificación de sectores clave

Os indicadores definidos ata o momento non discriminan a importancia que unha rama cun maior nivel de produción ou cun maior peso na demanda final poida ter sobre outras e, en consecuencia, sobrevaloran o papel que xogan na economía as ramas máis pequenas e menosprezan o papel daquelas máis grandes. Como solución a este problema, Fernández, M. e Fernández-Grela, M.<sup>24</sup> propoñen utilizar índices ponderados a partir da demanda final como medidas da intensidade dos encadeamentos.

Para ver a intensidade das ligazóns cara atrás da rama  $j$ , podemos utilizar o índice de poder de dispersión ( $U_j^p$ ), definido como:

<sup>24</sup> Véxase Fernández, M.; Fernández-Grela, M. (2003), páx. 19 e seguintes.

$$U_j^P = \frac{\frac{\sum_i \alpha_{ij}^R D_i^R}{\sum_i D_i^R}}{\left(\frac{1}{n}\right) \sum_j \frac{\sum_i \alpha_{ij}^R D_i^R}{\sum_i D_i^R}}$$

onde  $\alpha_{ij}^R$  representa o elemento correspondente á fila  $i$ , columna  $j$  da matriz inversa de Leontief rexional ( $L^R$ );  $n$  é o número de ramas homoxéneas e  $D_i^R$  o valor da demanda final da produción interior galega.

Por outra parte, o indicador de intensidade dos encadeamentos cara a diante dunha rama de actividade calquera  $i$ , índice de sensibilidade de dispersión ( $U_i^S$ ), defínese así:

$$U_i^S = \frac{\frac{\sum_j \beta_{ij}^R D_j^R}{\sum_j D_j^R}}{\left(\frac{1}{n}\right) \sum_i \frac{\sum_j \beta_{ij}^R D_j^R}{\sum_j D_j^R}}$$

onde  $\beta_{ij}^R$  representa o elemento correspondente á fila  $i$ , columna  $j$  da matriz inversa de Ghosh rexional ( $G^R$ ).

Cando unha rama presenta un valor destes índices por riba da unidade, estará indicando que a rama en cuestión ten un encadeamento superior ao da media e que será tanto maior canto maior sexa o valor do índice. En función do valor que tomen estes índices, podemos identificar os sectores claves da economía galega:

- Sectores clave: son os sectores que presentan valores superiores á unidade para os dous índices. Estes sectores son importantes demandantes e oferentes dentro da economía galega.
- Sectores básicos: son os que presentan valores superiores á unidade para o índice de sensibilidade de dispersión, pero menores ca a unidade para o índice de poder de dispersión. Son sectores cunha orientación da produción cara á demanda intermedia e que, polo tanto, teñen fortes encadeamentos cara a diante, pero débiles cara atrás.
- Sectores motores: son os que presentan valores superiores á unidade para o índice de poder de dispersión, pero menores ca a unidade para o índice de sensibilidade de dispersión. É dicir, sectores orientados cara á demanda final

e que, polo tanto, teñen fortes encadeamentos cara atrás, pero débiles cara a diante.

- Sectores independentes: son sectores con valores menores ca a unidade para os dous índices e que, polo tanto, están pouco relacionados co resto dos sectores da economía galega.

Utilizando esta clasificación as ramas que integran o sector cultural clasifícanse como independentes salvo a “Publicidade e estudos de mercado” que se clasifica como básico e a rama das “Actividades artísticas, recreativas e de entretemento” que se califica como motor. No primeiro caso por ser unha rama de actividade con fortes encadeamentos cara a diante pero débiles cara a atrás ao estar máis orientada cara a demanda intermedia e no segundo caso polo motivo inverso, é dicir, está máis orientada cada a demanda final.


**Táboa 15** Clasificación das ramas que integran o sector cultural

	Ramas características do sector cultural	Índice de sensibilidade de dispersión	Índice de poder de dispersión	Clasificación sector
R18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	0,7512	0,3477	Independente
R58	Edición	0,6517	0,4056	Independente
R59_60	Actividades cinematográficas, de vídeo e televisión, gravación de son, edición musical e actividades de programación e emisión de radio e televisión	0,4030	0,3109	Independente
R73	Publicidade e estudos de mercado	1,1429	0,4547	Básico
R90_93M	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de	0,6001	1,0301	Motor
R90_93NM	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de non mercado	0,1778	0,6367	Independente

Fonte: IGE. *Actualización do Marco Input-Output de Galicia: ano 2018*

No gráfico representamos o índice de sensibilidade de dispersión e índice de poder de dispersión para as ramas características do sector cultural xunto ao resto das ramas do sector servizos da economía galega (excepto as do sector financeiro). As ramas do sector servizos do cuadrante de “Sectores clave” xeran un valor engadido elevado, precisan dun elevado volume de inputs para producir e a súa produción é consumida en parte por outras ramas da economía. Os “Servizos inmobiliarios” (R68), os “Servizos de comida e bebida” (R56), o comercio por xunto (R46) e polo miúdo (R47) ou a actividade da administración pública (R84), son exemplos de sectores clave.



**Gráfico 22** Clasificación das ramas homoxéneas do sector servizos


NOTA: este gráfico está realizado en escala logarítmica para facilitar a súa visualización. Na Táboa 22 incluímos a correspondencia entre códigos e ramas homoxéneas.

Fonte: IGE. *Actualización do Marco Input-Output de Galicia: ano 2018*

#### 4.2.4 Método de extracción hipotética

O método de extracción hipotética permite cuantificar a relevancia dun sector a partir da avaliación das consecuencias que tería para a economía eliminar dito sector. A relación cos apartados anteriores é clara: ademais de avaliar o efecto directo da eliminación do sector valórase o efecto nas ramas de actividade con relacións sectoriais directas co sector, pero tamén o efecto incrementado das relacións indirectas.

O punto de partida é a ecuación fundamental do modelo Input-Output, que relaciona a produción de cada sector en función da demanda satisfeita por produción interior e da matriz de coeficientes técnicos. No caso de eliminar as ramas características do sector da cultura estamos eliminando seis ramas de actividade da Matriz simétrica da economía galega, o que significa que desaparecen como produtoras de inputs para outras ramas de actividade e tamén como demandantes de consumos intermedios

producidos por outras ramas de actividade da economía galega. Na aplicación deste método asúmese que a tecnoloxía das ramas de actividade non varía e que os bens producidos polas ramas eliminadas substitúense por bens importados. Isto é, calquera sector, seguirá demandando servizos de edición, por exemplo, pero terá que recorrer ás importacións, é dicir, serán servizos producidos por editoriais que prestan servizos desde o resto de España, a Unión Europea ou terceiros países.

Así, partindo da ecuación fundamental do modelo de Leontief

$$x = (I - A)^{-1} y$$

Sendo  $x$  o vector de producións da matriz simétrica,  $A$  a matriz de coeficientes técnicos interiores, e  $y$  o vector de demanda final satisfeita por produción interior. A matriz inversa de Leontief é a expresión  $(I - A)^{-1}$ . No caso galego, temos unha matriz simétrica de 71 ramas de actividade, polo que teremos vectores de produción e demanda final de dimensión  $71 \times 1$  e unha matriz de coeficientes técnicos interiores de  $71 \times 71$ .

No método de extracción hipotética, supoñemos a extracción dunha rama de actividade, é dicir, temos unha nova matriz de coeficientes, nulos para as ramas R18, R58, R59\_60, R73, R90\_93M e R90\_93NM. Ao non existir estas, non hai produción interior nin demanda final desta produción interior, polo que toda demanda se satisfai con importacións. Porén, o resto de relacións interindustriais da economía mantéñense:

$$\bar{a}_{kj} = \bar{a}_{ik} = 0 \quad \forall i, j, \text{ sendo } k = R18, R58, R59\_60, R73, R90\_93NM, R90\_93M$$

$$\bar{a}_{ij} = a_{ij} \quad \forall j \neq k$$

$$\bar{y}_k = 0, \quad \bar{y}_i = y_i \quad \forall i \neq k$$

A extracción destas ramas de actividade provoca que a matriz de coeficientes e o vector da demanda final sexan diferentes:

$$\bar{x} = (I - \bar{A})^{-1} \bar{y}$$

As diferenzas entre a produción orixinal e a produción estimada tras a extracción das ramas pódese considerar un indicador da relevancia do sector. Ademais, permite valorar aquelas ramas máis afectadas pola desaparición do sector.

Táboa 16. Efectos na economía da extracción das ramas características do sector cultural.

Porcentaxes (%)

Tipo de efectos da extracción	Sobre PIB	Sobre Emprego
Efecto total	3,16	4,17
Efecto directo	2,44	3,42
Efecto indirecto	0,72	0,75
No resto do sector primario	0,01	0,01
No resto do sector industrial	0,12	0,08
No sector da construción	0,03	0,03
No sector servizos	0,56	0,63

Fonte: IGE. *Actualización do Marco Input-Output de Galicia: ano 2018*

O efecto total sería unha contracción de 3,16 puntos porcentuais no produto interior bruto e 4,17 puntos no total do emprego. No caso do PIB, a meirande parte do efecto é directo<sup>25</sup>, provocada polo suposto de eliminación das ramas do sector, porén o efecto indirecto é de 0,72 de PIB e está concentrado no sector servizos. No caso do emprego o efecto directo tamén supera o indirecto e é especialmente relevante o efecto indirecto no sector servizos.

Para afondar na análise dos sectores máis afectados por esta extracción hipotética presentamos unha distinción: aqueles sectores que son provedores das ramas características do sector da cultura e os efectos sucesivos a través do impacto neles. Esta é a idea na que se asenta o modelo de Leontief, e que no caso deste sector representaría como o efecto da extracción se espalla por toda a economía a partir dun impacto nuns provedores que son fundamentalmente do sector terciario.

O impacto no PIB prodúcese de xeito directo nas ramas que estamos extraendo (as ramas características do sector, códigos R18, R58, R59\_60, R73, R90\_93M, R90\_93NM); efecto que representa un 2,44 % do PIB. De xeito indirecto, a principal rama afectada serán as "Actividades inmobiliarias" (R68), que retrae un 0,16% do PIB, principalmente por ser provedor directo das ramas características da cultura (os efectos sucesivos achegan só un 0,02%).

<sup>25</sup> Nótese que o efecto directo calculado neste apartado non tería por que coincidir coa achega do sector á economía calculado no capítulo 3. Ademais de seren calculados para anos diferentes, o motivo principal das diferenzas radica na utilización aquí da Matriz simétrica, na que as ramas de actividade consideradas son ramas homoxéneas, que proveñen dunha transformación baseada en certas hipóteses sobre cada rama de actividade real. A simétrica é a matriz máis axeitada para analizar o impacto conxunto sobre a economía a través das relación intersectoriais, pero se queremos valorar un sector como agregación das unidades institucionais que o forman, a visión idónea é a que ofrecemos no capítulo 3 (e de forma máis precisa no capítulo 2). Na metodoloxía do Marco input-output pode consultarse polo miúdo o proceso de elaboración da Matriz simétrica.

A seguinte rama afectada é a que agrupa servizos seguridade, limpeza e outros servizos a empresas (código R80\_82). O efecto dunha hipotética extracción das ramas características da cultura implica unha redución do 0,06 % do PIB, fundamentalmente polo carácter de provedor de servizos destas.

Dunha magnitude similar son os efectos no PIB derivado do impacto nas seguintes ramas (véxase Táboa 17):

- Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado (R35) cun impacto do 0,05%
- Comercio polo xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor (R46) cun impacto do 0,04%
- Actividades xurídicas e de contabilidade, de sedes centrais e de consultoría e xestión empresarial (R69\_70) cuxa redución afectaría ao total da economía cunha baixa de 0,04% no PIB total.

**Táboa 17. Descomposición do efecto no PIB por rama de actividade e tipo de efecto. Principais ramas afectadas.**

*Datos en porcentaxes*

	Efecto directo	Efecto indirecto		
	TOTAL	TOTAL	Como provedor directo	Efectos sucesivos
R18 Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	0,14			
R58 Edición	0,13			
R59_60 Actividades cinematográficas, de vídeo e televisión, gravación de son, edición musical e actividades de programación e emisión de radio e televisión	0,23			
R73 Publicidade e estudos de mercado	0,14			
R90_93M Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de mercado	1,45			
R90_93NM Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de non mercado	0,35			
R68 Actividades inmobiliarias		0,16	0,15	0,02
R80_82 Actividades de seguridade e investigación; servizos a edificios e actividades de xardinería; actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas		0,06	0,05	0,01
R35 Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado		0,05	0,03	0,02
R46 Comercio polo xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor		0,04	0,03	0,01
R69_70 Actividades xurídicas e de contabilidade; actividades das sedes centrais; actividades de consultoría e de xestión empresarial		0,04	0,03	0,01
R64 Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións		0,03	0,02	0,01
R41_43 Construción		0,03	0,01	0,02
R33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento		0,03	0,02	0,01
R77 Actividades de alugueiro		0,02	0,02	0,00
R71 Servizos técnicos de arquitectura e enxeñería; ensaios e análise técnica		0,02	0,01	0,00

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Actualización do *Marco input-output de Galicia. Ano 2018*

Ademais do impacto agregado no nivel de actividade en Galicia, é interesante coñecer cal é o efecto nas ramas de actividade, isto é, en que medida se vería reducida o seu nivel de actividade. Na seguinte táboa aparecen as ramas máis afectadas por unha hipotética extracción das ramas características da cultura xerarquizada na porcentaxe de redución do seu valor engadido. A rama das “Actividades de alugueiro” (R77) sería a máis afectada cunha caída dun 7,1 % do seu VEB

Séguelle a rama R80\_82 “Actividades de seguridade e investigación, servizos a edificios e actividades de xardinería; actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas” que rexistraría unha caída do 4,8% do seu valor engadido.

Cun impacto menor sitúase a rama de “Reparación e instalación de maquinaria e equipamento” (3,2%), a “Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico” (2,7%) e as “Actividades xurídicas e de contabilidade; das sedes centrais e actividades de consultoría de xestión empresarial” (2,7%).

**Táboa 18. Ramas máis afectadas pola extracción das ramas características da cultura.**  
*Datos en porcentaxes*

Ramas de actividade	Redución VEB total	Como provedor directo	Efectos sucesivos
R77 Actividades de alugueiro	7,1	6,2	1,0
R80_82 Actividades de seguridade e investigación; servizos a edificios e actividades de xardinería; actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	4,8	3,9	0,9
R33 Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	3,2	2,6	0,6
R95 Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	2,7	2,2	0,5
R69_70 Actividades xurídicas e de contabilidade; actividades das sedes centrais; actividades de consultoría e de xestión empresarial	2,7	2,2	0,5
R71 Servizos técnicos de arquitectura e enxeñería; ensaios e análise técnica	2,3	1,7	0,6
R64 Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións	1,9	1,2	0,8
R36_39M Suministro de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación de mercado	1,9	1,4	0,5
R78 Actividades relacionadas co emprego	1,9	1,2	0,7
R55 Servizos de aloxamento	1,7	1,4	0,3

Fonte: Elaboración propia a partir de IGE. Actualización do *Marco input-output de Galicia. Ano 2018*

## 5 Conclusións

A Conta Satélite da Cultura é o instrumento estatístico idóneo para medir a importancia cuantitativa do sector nunha economía. Parte dunha delimitación clara do sector, enmárcase nun conxunto de estatísticas de síntese máis ampla, e ofrece información interpretable, comparable e que pode ter continuidade no tempo. En Galicia, desde decembro de 2023, está dispoñible a serie 2016-2021 desta estatística.

A Conta Satélite da Cultura de Galicia indica que no ano 2021 o sector cultural representa o 2,5% do Produto Interior Bruto e o 3% en termos de emprego (30.169 postos de traballo equivalentes a tempo completo).

Esta fonte de información permite analizar o sector dende dúas perspectivas. Atendendo aos subsectores que o forman destacan as "Artes visuais" cunha achega do 52,5% do VEB cultural total. Atendendo ás fases do proceso produtivo cultural, a fase de "Creación e produción" é a sobranceira, xa que representa o 73,7% do total do sector cultural.

Neste traballo presentouse outra forma de achegarmos ao sector. Non é unha forma tan precisa mais permite facer comparacións homoxéneas no tempo e no espazo. Os resultados obtéñense das operacións estatísticas do Sistema de Contas Económicas do IGE. Desta visión, que se bautizou como as *ramas características do sector*, conclúese que o sector perdeu certo peso en termos de valor engadido pero non en termos de emprego.

O peso das ramas características do sector é inferior en Galicia que en España ou na UE-27. A estrutura interna do sector é diferente en función do espazo económico analizado. En Galicia son relevantes as "Actividades artísticas, recreativas e de entretemento" que concentran o 71% do valor engadido xerado. Na Unión Europea o trazo máis diferente é o elevado peso das actividades da edición.

No ámbito territorial apréciase que o sector está moi concentrado en determinadas comarcas galegas. Así, as comarcas da Coruña, Vigo e Santiago acumulan máis da metade do valor engadido do sector. Se engadimos as restantes catro comarcas cuxa cabeceira é unha cidade a porcentaxe ascende ao 78,9%. Na comarca de Santiago as ramas características representan o 5% do PIB comarcal.

Atendendo á intensidade das relacións intersectoriais obsérvase que as ramas de actividade que conforman o sector cultural non están estreitamente relacionadas entre si, polo que non se pode falar da existencia dun complexo produtivo da cultura en Galicia.

Ningunha das ramas características se define como “clave”, aínda que, referido á relación entre as ramas características e o resto de actividades da economía hai que destacar o efecto arrastre que teñen sobre ramas como as actividades de alugueiro, as actividades de seguridade, limpeza e administrativas de oficina ou nas ramas de reparacións.

## 6 Anexos

Táboa 19 Clases da CNAE-2009 incluídas total ou parcialmente en cada fase e sector da cultura, definida na Conta Satélite da Cultura.

Clase CNAE	Descrición	Rama do Sistema de Contas	Sector cultural	Fase Cultural	Total (T) / Parcial (P)
1811	Impresión de xornais	R18	SC2	FC2	T
1812	Outras actividades de impresión e artes gráficas	R18	SC2	FC2	T
1813	Servizos de preimpresión e preparación de soportes	R18	SC2	FC2	T
1814	Encadernación e servizos relacionados con ela	R18	SC2	FC2	T
1820	Reprodución de soportes gravados	R18	SC5	FC2	T
2059	Fabricación doutros produtos químicos n.c.n.	R20_21	SC3	FC5	P
2630	Fabricación de equipamentos de telecomunicacións	R26	SC5	FC5	P
2640	Fabricación de produtos electrónicos de consumo	R26	SC5	FC5	P
2670	Fabricación de instrumentos de óptica e equipamento fotográfico	R26	SC3 / SC5	FC5	T
2680	Fabricación de soportes magnéticos e ópticos	R26	SC5	FC5	T
3212	Fabricación de artigos de xoiaría e artigos similares	R32	SC3	FC5	T
3220	Fabricación de instrumentos musicais	R32	SC4	FC5	T
4643	Comercio por xunto de aparellos electrodomésticos	R46	SC3 / SC5	FC3	P
4649	Comercio por xunto doutros artigos de uso doméstico	R46	SC2 / SC4	FC3	P
4711	Comercio a retalho en establecementos non especializados, con predominio en produtos alimenticios, bebidas e tabaco	R47	SC2	FC3	P
4719	Outro comercio ao retalho en establecementos non especializados	R47	SC2	FC3	P
4743	Comercio a retalho de equipamentos de audio e vídeo en establecementos especializados	R47	SC5	FC3	T
4761	Comercio a retalho de libros en establecementos especializados	R47	SC2	FC3	T
4762	Comercio a retalho de xornais e artigos de papelería en establecementos especializados	R47	SC2	FC3	P
4763	Comercio a retalho de gravacións de música e vídeo en establecementos especializados	R47	SC5	FC3	T
4778	Outro comercio a retalho de artigos novos en establecementos especializados	R47	SC3	FC3	P
4779	Comercio a retalho de artigos de segunda man en establecementos especializados	R47	SC3	FC3	P
4791	Comercio a retalho por correspondencia ou internet	R47	SC2	FC3	P
4799	Outro comercio a retalho non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en feiras	R47	SC2	FC3	P
5811	Edición de libros	R58	SC2	FC1	T
5812	Edición de directorios e guías de enderezos postais	R58	SC2	FC1	T
5813	Edición de xornais	R58	SC2	FC1	T
5814	Edición de revistas	R58	SC2	FC1	T
5819	Outras actividades editoriais	R58	SC2	FC1	T
5912	Actividades de posproducción cinematográfica, de vídeo e de programas de televisión	R59_60	SC5	FC1	T
5914	Actividades de exhibición cinematográfica	R59_60	SC5	FC3	T
5915	Actividades de produción cinematográfica e de vídeo	R59_60	SC5	FC1	T
5916	Actividades de produción de programas de televisión	R59_60	SC5	FC1	T



Clase CNAE	Descrición	Rama do Sistema de Contas no que se inclúe	Sector cultural	Fase Cultural	Total (T) / Parcial (P)
5917	Actividades de distribución cinematográfica e de vídeo	R59_60	SC5	FC3	T
5918	Actividades de distribución de programas de televisión	R59_60	SC5	FC3	T
5920	Actividades de gravación de son e edición musical	R59_60	SC5	FC1	T
6010	Actividades de radiodifusión	R59_60	SC5	FC1 / FC3	T
6020	Actividades de programación e emisión de televisión	R59_60	SC5	FC1 / FC3	T
6391	Actividades das axencias de noticias	R62_63	SC2	FC1	T
7111	Servizos técnicos de arquitectura	R71	SC3	FC1	T
7311	Axencias de publicidade	R73	SC3	FC1	T
7312	Servizos de representación de medios de comunicación	R73	SC3	FC1	T
7410	Actividades de deseño especializado	R74_75	SC3	FC1	T
7420	Actividades de fotografía	R74_75	SC3	FC1	T
7490	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas n.c.n.	R74_75	SC4 / SC5	FC5	P
7722	Aluguer de fitas de vídeo e discos	R77	SC5	FC3	T
8412	Regulación das actividades sanitarias, educativas e culturais e outros servizos sociais, agás seguranza social	R84	SC6	FC4	P
8531	Educación secundaria xeral	R85M, R85NM	SC6	FC4	P
8532	Educación secundaria técnica e profesional	R85M, R85NM	SC6	FC4	P
8541	Educación postsecundaria non terciaria	R85M, R85NM	SC6	FC4	P
8543	Educación universitaria	R85M, R85NM	SC6	FC4	P
8544	Educación terciaria non universitaria	R85M, R85NM	SC6	FC4	P
8552	Educación cultural	R85M, R85NM	SC6	FC4	T
9001	Artes escénicas	R90_93M, R90_93NM	SC4	FC1	T
9002	Actividades auxiliares das artes escénicas	R90_93M, R90_93NM	SC4	FC1	T
9003	Creación artística e literaria	R90_93M, R90_93NM	SC2 / SC3	FC1	T
9004	Xestión de salas de espectáculos	R90_93M, R90_93NM	SC4	FC3	T
9102	Actividades de museos	R90_93M, R90_93NM	SC1	FC1	T
9103	Xestión de lugares e edificios históricos	R90_93M, R90_93NM	SC1	FC1	T
9104	Actividades dos xardíns botánicos, parques zoolóxicos e reservas naturais	R90_93M, R90_93NM	SC1	FC1	T
9105	Actividades de bibliotecas	R90_93M, R90_93NM	SC1	FC1	T
9106	Actividades de arquivos	R90_93M, R90_93NM	SC1	FC1	T

T: a clase inclúese ao completo na CSC

P: é preciso estimar a parte cultural da clase

Pode resumirse esta dobre clasificación, por sector cultural e fase no proceso produtivo, nun cadro de dobre entrada coma o seguinte:

Táboa 20 Clases da CNAE-2009 incluídas total ou parcialmente en cada sector e fase cultural, segundo a definición da Conta Satélite da Cultura.

<b>CÓDIGO</b>	<b>FC1: Creación e produción</b>	<b>FC2: Fabricación</b>	<b>FC3: Difusión, distribución e comercialización</b>	<b>FC4: Promoción, regulación e educación cultural</b>	<b>FC5: Actividades auxiliares</b>
<b>SC1: Patrimonio artístico e monumental, arquivos e bibliotecas</b>	9102, 9103, 9104, 9105, 9106				
<b>SC2: Libros e prensa</b>	5811, 5812, 5813, 5814, 5819, 6391, 9003(D)	1811, 1812, 1813, 1814	4649(p)(D), 4711(p), 4719(p), 4761, 4762(p), 4791(p), 4799(p)		
<b>SC3: Artes visuais</b>	7111, 7311, 7312, 7410, 7420, 9003(D)		4643(p), 4778(p), 4779(p)		2059(p), 2670(D), 3212
<b>SC4: Artes escénicas</b>	9001, 9002		4649(p)(D), 9004		3220, 7490(p)
<b>SC5: Audiovisual e multimedia</b>	5912, 5915, 5916, 5920, 6010(D), 6020(D)	1820	4643(p), 4711(p), 4743, 4763, 4791(p), 5914, 5917, 5918, 6010(D), 6020(D), 7722		2630(p), 2640(p), 2670(D), 2680, 7490(p)
<b>SC6: Interdisciplinar</b>				8412(p), 8531(p), 8532(p), 8541(p), 8543(p), 8544(p), 8552	

(D) Inclúese a clase da CNAE-2009 ao completo, pero distribúese entre sectores ou fases da cultura distintos.

(p) Non se inclúe a clase da CNAE-2009 ao completo, senón só unha parte da mesma.

**Táboa 21 Distribución territorial da actividade cultural e achega da cultura á economía comarcal. Promedio bienal 2010-2020(\*)**

Datos en porcentaxes

<b>Cod. Comarca</b>	<b>Comarca</b>	<b>VEB cultural da comarca / VEB cultural Galicia</b>	<b>VEB cultural da comarca / PIB da comarca</b>	<b>Unidades locais culturais da comarca / Unidades locais culturais de Galicia</b>
1501	Arzúa	0,5	1,0	0,3
1502	Barbanza	2,0	1,4	1,7
1503	A Barcala	0,2	1,0	0,2
1504	Bergantiños	1,7	1,7	1,4
1505	Betanzos	1,3	1,0	0,9
1506	A Coruña	19,3	3,2	20,2
1507	Eume	1,6	3,5	0,8
1508	Ferrol	5,2	1,8	4,6
1509	Fisterra	0,7	1,4	0,5
1510	Muros	0,3	1,5	0,1
1511	Noia	0,8	1,6	0,7
1512	Ordes	1,4	0,8	0,8
1513	Ortegal	0,4	1,4	0,2
1514	Santiago	7,7	5,0	11,5
1515	O Sar	0,6	1,4	0,4
1516	Terra de Melide	0,4	2,5	0,3
1517	Terra de Soneira	0,5	1,0	0,3
1518	Xallas	0,4	2,0	0,2
2701	Os Ancares	0,3	0,5	0,1
2702	Chantada	0,5	1,0	0,3
2703	A Fonsagrada	0,2	0,4	0,0
2704	Lugo	4,6	3,0	5,1
2705	A Mariña Central	1,0	1,6	0,8
2706	A Mariña Occidental	1,3	1,1	0,6
2707	A Mariña Oriental	0,5	1,8	0,6
2708	Meira	0,2	0,7	0,1
2709	Quiroga	0,2	0,5	0,1
2710	Sarria	0,7	1,1	0,5
2711	Terra Chá	1,5	0,8	0,8
2712	Terra de Lemos	0,8	1,9	0,8
2713	A Ulloa	0,3	1,4	0,3
3201	Allariz-Maceda	0,4	1,2	0,3
3202	Baixa Limia	0,2	0,5	0,1
3203	O Carballiño	0,7	2,0	0,6
3204	A Limia	0,6	0,9	0,3
3205	Ourense	5,8	2,5	4,9
3206	O Ribeiro	0,4	0,8	0,3
3207	Terra de Caldelas	0,1	0,7	0,0
3208	Terra de Celanova	0,4	1,1	0,2
3209	Terra de Trives	0,2	0,4	0,0
3210	Valdeorras	1,0	1,0	0,6
3211	Verín	0,6	1,5	0,4
3212	Viana	0,2	0,6	0,1
3601	O Baixo Miño	1,2	1,9	1,6
3602	Caldas	0,9	0,9	0,9
3603	O Condado	0,9	1,5	1,2
3604	Deza	1,3	1,3	1,1
3605	O Morrazo	2,1	1,7	2,5
3606	A Paradanta	0,3	1,2	0,3
3607	Pontevedra	4,5	3,1	5,3
3608	O Salnés	3,3	2,1	3,9
3609	Tabeirós-Terra de Montes	0,6	2,0	0,7
3610	Vigo	17,5	2,7	18,9

(\*) O datos de unidades locais son relativos ao 2022

 Fonte: IGE. *Explotación do directorio de empresas e unidades locais; IGE. Produto interior bruto municipal. Revisión estatística 2019*

**Táboa 22: Clasificación das ramas homoxéneas da economía galega. Ano 2018.**

<b>Código</b>	<b>Nome</b>	<b>Índice de sensibilidade de dispersión</b>	<b>Índice de poder de dispersión</b>	<b>Clasificación de sector</b>
R01	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	1,1873	1,3461	Clave
R10B	Procesamento e conservación de peixes, crustáceos e moluscos	1,6308	2,2603	Clave
R19	Coquerías e refino de petróleo	1,2501	1,0354	Clave
R24	Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	1,1437	1,7741	Clave
R25	Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	1,3795	1,0671	Clave
R29	Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	2,8237	3,7706	Clave
R35	Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	1,9709	2,0491	Clave
R41_43	Construción	2,9291	3,5357	Clave
R46	Comercio polo xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor	2,0211	2,1937	Clave
R47	Comercio polo miúdo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1,6559	2,4939	Clave
R49	Transporte terrestre e por tubaxe	1,4007	1,2016	Clave
R52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	1,4806	1,1668	Clave
R56	Servizos de comidas e bebidas	2,3900	3,3768	Clave
R68	Actividades inmobiliarias	2,6265	2,9810	Clave
R84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	1,7618	2,4200	Clave
R86_88M	Actividades sanitarias e de servizos sociais de mercado	1,0269	1,4059	Clave
R86_88NM	Actividades sanitarias e de servizos sociais de non mercado	1,4572	2,1272	Clave
R10A	Procesamento e conservación de carne e elaboración de produtos cárnicos	0,7683	1,4404	Motor
R10C	Fabricación de produtos lácteos	0,5779	1,5468	Motor
R14_15	Confección de roupa de vestir e industria do coiro e do calzado	0,6905	1,0526	Motor
R16	Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	0,7094	1,0247	Motor
R36_39M	Suministro de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación de mercado	0,7505	1,0178	Motor
R37_38NM	Actividades de saneamento e xestión de residuos de non mercado	0,1122	1,1327	Motor
R45	Venda e reparación de vehículos de motor	0,9470	1,0071	Motor
R85NM	Educación de non mercado	0,9907	1,3122	Motor
R90_93M	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de mercado	0,6001	1,0301	Motor
R03A	Pesca	1,1240	0,5179	Básico
R05_09	Industrias extractivas	1,2125	0,6193	Básico
R10D	Fabricación de produtos para a alimentación animal	1,1175	0,5274	Básico
R11_12	Fabricación de bebidas e industria do tabaco	1,1431	0,7168	Básico
R22	Fabricación de produtos de caucho e plásticos	1,0070	0,5740	Básico
R23	Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	1,1127	0,9406	Básico
R33	Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	1,0304	0,5911	Básico
R53	Actividades postais e de correo	1,2562	0,3197	Básico
R61	Telecomunicacións	1,0048	0,8121	Básico
R64	Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións	1,2475	0,5435	Básico
R69_70	Actividades xurídicas e de contabilidade; actividades das sedes centrais; actividades de consultoría e de xestión empresarial	1,0929	0,6068	Básico
R73	Publicidade e estudos de mercado	1,1429	0,4547	Básico

Código	Nome	Índice de sensibilidade de dispersión	Índice de poder de dispersión	Clasificación sector
R74_75	Outras actividades profesionais, científicas, técnicas e veterinarias	1,3982	0,3556	Básico
R77	Actividades de alugueiro	1,0979	0,3787	Básico
R78	Actividades relacionadas co emprego	1,5115	0,0446	Básico
R80_82	Actividades de seguridade e investigación; servizos a edificios e actividades de xardinería; actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	1,4058	0,2599	Básico
R02	Silvicultura e explotación forestal	0,5384	0,5526	Independente
R03B	Acuicultura	0,6565	0,2785	Independente
R10E	Outras industrias alimentarias	0,7552	0,9010	Independente
R13	Industria téxtil	0,6142	0,3067	Independente
R17	Industria do papel	0,4072	0,6287	Independente
R18	Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	0,7512	0,3477	Independente
R20_21	Industria química e fabricación de produtos farmacéuticos	0,5311	0,7942	Independente
R26	Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	0,2867	0,4298	Independente
R27	Fabricación de material e equipamento eléctrico	0,4630	0,6905	Independente
R28	Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	0,4767	0,7344	Independente
R30	Fabricación doutro material de transporte	0,2833	0,9233	Independente
R31	Fabricación de mobles	0,3956	0,6832	Independente
R32	Outras industrias manufactureiras	0,3354	0,5336	Independente
R50_51	Transporte marítimo e por vías navegables interiores; transporte aéreo	0,5161	0,6886	Independente
R55	Servizos de aloxamento	0,6442	0,7061	Independente
R58	Edición	0,6517	0,4056	Independente
R59_60	Actividades cinematográficas de vídeo e televisión, gravación de son e edición musical; actividades de programación e emisión de radio e televisión	0,4030	0,3109	Independente
R62_63	Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática; servizos de información	0,8871	0,3551	Independente
R65	Seguros, reaseguros e fondos de pensións agás Seguridade Social obrigatoria	0,8774	0,5624	Independente
R66	Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros	0,9947	0,5297	Independente
R71	Servizos técnicos de arquitectura e enxeñería; ensaios e análise técnica	0,9646	0,6355	Independente
R72	Investigación e desenvolvemento	0,1990	0,5856	Independente
R79	Actividades das axencias de viaxes, operadores turísticos, servizos de reservas e actividades relacionadas	0,6018	0,4144	Independente
R85M	Educación de mercado	0,5453	0,5544	Independente
R90_93NM	Actividades artísticas, recreativas e de entretemento de non mercado	0,1778	0,6367	Independente
R94	Actividades asociativas	0,4634	0,3847	Independente
R95	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	0,8123	0,3775	Independente
R96	Outros servizos persoais	0,3858	0,7732	Independente
R97	Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico	0,1940	0,2429	Independente

## 7 Bibliografía e fontes estatísticas

EUROSTAT (2000), *Cultural Statistics in the EU. Final report of the LEG*

EUROPEAN STATISTICAL SYSTEM NETWORK ON CULTURE (ESSnet-CULTURE) (2012), *Final Report*

EUROSTAT (2013), *Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales de la Unión Europea. SEC 2010. Reglamento UE N°549/2013 del Parlamento Europeo y del Consejo*

EUROSTAT. *Annual national accounts*, publicación periódica  
<https://ec.europa.eu/eurostat/web/main/data/database>

FERNÁNDEZ, M.; FERNÁNDEZ-GRELA, M. (2003), *La estructura productiva de la economía gallega*, CIEF. Centro de Investigación Económica y Financiera. Fundación CaixaGalicia

IGE. Instituto Galego de Estatística, *Conta Satélite da Cultura de Galicia. Revisión estatística 2019*, publicación periódica  
[http://www.ige.eu/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007008](http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007008)

IGE. Instituto Galego de Estatística, *Contas económicas de Galicia. Revisión Estatística 2019*, publicación periódica  
[https://www.ige.gal/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007001](https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007001)

IGE. Instituto Galego de Estatística, *Actualización do Marco input-output de Galicia: ano 2018*, publicación periódica  
[https://www.ige.gal/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007003&num\\_pag=1](https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007003&num_pag=1)

IGE. Instituto Galego de Estatística, *Produto interior bruto municipal. Revisión estatística 2019*, publicación periódica  
[https://www.ige.gal/web/mostrar\\_actividade\\_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007007](https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007007)

INE. Instituto Nacional de Estadística, *Contabilidad nacional anual de España: agregados por rama de actividad*, publicación periódica  
[https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica\\_C&cid=1254736177056&menu=ultiDatos&idp=1254735576581](https://www.ine.es/dyngs/INEbase/es/operacion.htm?c=Estadistica_C&cid=1254736177056&menu=ultiDatos&idp=1254735576581)

MINISTERIO CULTURA. *Cuenta Satélite de la Cultura en España. Revisión CNE 2019*, publicación periódica <https://www.cultura.gob.es/servicios-al-ciudadano/estadisticas/cultura/mc/culturabase/cuenta-satelite/resultados-cuenta-satelite.html>